



Ref/Secretaría Xeral/Juan Manuel Salguero del Valle

ACTA SESIÓN PLENO ORDINARIO 22 DE FEBREIRO DE 2021

No Salón de Plenos da Casa Consistorial de **RIBEIRA**, sendo as vinte horas do luns 22 de febreiro de de 2021 (previamente efectuada a convocatoria polo Alcalde Manuel Ruiz Rivas o 17-02-2021), reuníronse en primeira convocatoria e baixo a presidencia do Alcalde-Presidente os membros do Pleno enumerados a continuación os efectos de celebrar **Sesión de Pleno ordinario** baixo a modalidade de “telemático” (*coa presenza física dos/as Sres/as concelleiros/as voceiros dos respectivos grupos municipais e o Sr. alcalde-presidente*) previsto no artigo 46.3 da Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.

Partido Popular (PP)

- 1.-Manuel Santos Ruiz Rivas, alcalde-presidente
- 2.-María José Sampedro Fernández
- 3.-Ana Isabel Ruiz Reiriz.
- 4.-Ramón José Doval Sampedro.
- 5.-Manuel Emilio Pérez Outeiral
- 6.-Ana Isabel Barreiro Rego.
- 7.-Victor Reiriz Lampón
- 8.-Juana María Brión Santamaría
- 9.-Elvira Pereira Ageitos.

Partido Barbanza Independiente (PBBI)

- 1.-Vicente Mariño de Bricio
- 2.-María Herminia Pouso Maneiro
- 3.-Miguel Ángel Vázquez Salgueiro
- 4.-Emilio Andrés González Regueira.
- 5.-Gerardo Pardavila Fernández.
- 6.-Asier Casais Álvarez
- 7.-Tania Redondo Fernández

Partido dos Socialistas de Galicia-Psoe (Ps de G-Psoe)

- 1.-José Manuel Vilas Álvarez



FIRMANTE - FECHA





2.-José Manuel Suárez Puerta Sirgado.

Bloque Nacionalista Galego (B.N.G)

1.-Xosé Antonio Vázquez Cobas

2.-Luis Antonio Pérez Barral

Suma Ribeira (SR)

1.-Xurxo Ferrón Vidán

A Corporación está asistida polo **Sr. Secretario** deste Concello, **D. Juan Manuel Salguero del Valle**, que dá fe do acto, e polo **Sr. Interventor** do mesmo, **D. Pablo Bao Castro**.

Asiste igualmente en calidade de asesor informático o empregado municipal Ramón Martínez Becerra.

A continuación pásase a tratar os seguintes puntos da orde do día:

1.- APROBACIÓN ACTA SESIÓN EXTRAORDINARIA E URXENTE 2 DE FEBREIRO DE 2021.

Preséntase para aprobación esta acta:

-Acta do Pleno extraordinario e urxente celebrado o **2 de febreiro de 2021**

En cumprimento do disposto no **artigo 91.1 do Real Decreto 2568/86, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (ROF)**, e o **artigo 109 do Regulamento Orgánico da Cidade de RIBEIRA**, o Sr. alcalde-presidente pregunta ós/ás Sres./as concelleiros/as se teñen que formular algunha observación a acta correspondente á sesión extraordinaria e urxente do día **2 de febreiro de 2021**.

Sen observacións, e sen votación expresa.

O **Sr. alcalde-presidente (grupo m. P.P.)** dí que se aproba a acta por unanimidade dos membros presentes.

Resulta aprobada por **asentimento** dos membros presentes esta acta do pleno:

-Acta do **Pleno da sesión extraordinaria e urxente celebrada o 2 de febreiro de 2021.**

2.- APROBACIÓN INICIAL, SE PROCEDE, MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL XERAL E DA ORDENANZA FISCAL B.2.4 ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLA OCUPACIÓN DE TERREOS DE USO PÚBLICO CON POSTOS, BARRACAS, CASETAS DE VENDA, ESPECTÁCULOS OU ATRACCIÓN SITUADOS EN TERREOS DE





USO PÚBLICO E INDUSTRIAS RUANTES E AMBULANTES, DEPÓSITO DAS MERCADORÍAS E RODAXE CINEMATOGRAFICA. ADOPCIÓN DOS ACORDOS QUE PROCEDAN

Dase conta e lectura ao Pleno da Corporación dun ditame da Comisión Informativa de Facenda Economía, Patrimonio e Especial de Contas de data 15 de febreiro de 2021, sobre proposta de Alcaldía de data e que é do seguinte tenor literal:

“PROPOSTA DA ALCALDÍA A PLENO.

Plantéxase unha modificación da Ordenanza Fiscal Xeral e da Ordenanza Fiscal B.2.4 Ordenanza fiscal reguladora da taxa pola ocupación de terreos de uso público con postos, barracas, casetas de venda, espectáculos ou atraccións situados en terreos de uso público e industrias ruantes e ambulantes, depósito das mercadorías e rodaxe cinematográfica.

Os cambios a introducir obedecen as seguintes causas:

- *A modificación da Ordenanza Fiscal Xeral, obedece á habilitación á Xunta de Goberno Local para aprobar unha redución de taxas cando por circunstancias excepcionais de saúde pública, restricións da mobilidade, estado de alarma ou similar, se limite total ou parcialmente o exercicio da actividade económica correspondente.*
- *O motivo da modificación da Ordenanza Fiscal B.2.4, é a redución da cota tributaria, minorando as tarifas vixentes, como consecuencia do COVID-19 coa finalidade de reactivar a actividade económica dos vendedores ambulantes, durante o exercicio 2021.*

Vistos os informes da Secretaría, Intervención e Tesourería Municipais, que figuran no expediente, proponse ao Pleno a adopción dos seguintes acordos:

Primeiro.- *Aprobación das modificación das ordenanzas fiscais que se indican:*

- **ORDENANZA FISCAL XERAL.**

NOVA REDACCIÓN

DISPOSICIÓN ADICIONAL SEGUNDA. Redución de taxas por circunstancias excepcionais.

Nas taxas de devengo periódico, tanto por ocupación do dominio público, como por prestación de servizos, cuxo feito impositivo se realice como consecuencia directa ou indirecta do exercicio dunha actividade económica, a Xunta de Goberno Local queda habilitada para aprobar unha redución das cotas esixibles cando por circunstancias excepcionais de saúde pública restricións da mobilidade, estado de alarma ou similar, se limite total ou parcialmente o exercicio da actividade económica correspondente.

A porcentaxe de redución aprobada pola Xunta de Goberno terá que ser motivada e proporcional ás limitacións impostas no exercicio da actividade económica afectada, tendo sempre en conta o seu impacto na estabilidade orzamentaria.

As reducións acordadas pola Xunta de Goberno Local aplicaranse de oficio, sen prexuízo da obrigaición dos suxeitos pasivos afectados de achegar os documentos ou xustificantes que lle fosen requiridos pola tesourería municipal.

- **Ordenanza Fiscal B.2.4 Ordenanza fiscal reguladora da taxa pola ocupación de terreos de uso público con postos, barracas, casetas de venda, espectáculos ou atraccións situados en terreos de uso público e industrias ruantes e ambulantes, depósito das mercadorías e rodaxe cinematográfica**



FIRMANTE - FECHA





NOVA REDACCIÓN

DISPOSICIÓN TRANSITORIA: *redución da cota tributaria, minorando as tarifas vixentes, como consecuencia do COVID-19 coa finalidade de reactivar a actividade económica dos vendedores ambulantes, durante o exercicio 2021.*

ARTIGO 5.- COTA TRIBUTARIA

Epígrafe 1.- Vendedores ambulantes:

-Actividade: ramo de alimentación: 1,035517 € /m.l. e día.

-Actividade: calzado e confección: 1,242623 € /m.l. e día.

-Actividade: en vehículo-tenda: 8,170249 € / día.

-Actividades restantes: 1,242623 € /m.l. e día.

Segundo.-Aprobar o texto refundido das ordenanzas modificadas, a fin de que este poda ser publicado de xeito íntegro no Boletín Oficial da Provincia, previa exposición pública, por prazo de 30 días, de acordó co previsto no art. 17.1 do TRLRHL, segundo o detalle que se reproduce a continuación:

ORDENANZA XERAL DE XESTIÓN, RECADACIÓN E INSPECCIÓN DOS TRIBUTOS E DOUTROS INGRESOS DE DEREITO PÚBLICO

TÍTULO I. NORMAS TRIBUTARIAS DE CARÁCTER XERAL

CAPÍTULO I. Principios xerais

Artigo 1. Obxecto da ordenanza.

Artigo 2. Ámbito de aplicación.

Artigo 3. Potestade regulamentaria

Artigo 4. A Administración tributaria municipal.

CAPÍTULO II. Normas xerais

Artigo 5. Ámbito temporal das normas tributarias.

TÍTULO II. OS TRIBUTOS

CAPÍTULO I. Os tributos municipais. A relación xurídico tributaria. Beneficios fiscais

Artigo 6. Concepto, fins e clases dos tributos.

Artigo 7. Taxas.

Artigo 8. Contribucións especiais.

Artigo 9. Impostos.

Artigo 10. Imposto sobre Bens Inmóbles

Artigo 11. Imposto sobre Vehículos de Tracción Mecánica

Artigo 12. Imposto sobre Actividades Económicas

CAPÍTULO II. A relación xurídico tributaria

Artigo 13. A relación xurídico - tributaria.

CAPÍTULO III. Beneficios fiscais

Artigo 14. Beneficios fiscais.

CAPÍTULO IV. Obrigados tributarios

Artigo 15. Domicilio

Artigo 16. Categoría das vías.

CAPÍTULO V. A débeda tributaria

Artigo 17. Importe mínimo de liquidación

Artigo 18. Documento único

Artigo 19. Presentación de declaracións de alta, baixa e modificación

Artigo 20. Tributos obxecto de padróns ou matrícula.

Artigo 21. Variacións das circunstancias determinantes da contía ou da esixencia da débeda

Artigo 22. Extinción da débeda.



FIRMANTE - FECHA





- Artigo 23. Lexitimación, lugar e medios de pago*
Artigo 24. Pago mediante domiciliación bancaria.
Artigo 25. Calendario fiscal.
Artigo 26. Sistema Especial de Pago (S.E.P.)
Artigo 27. Aprazamento e fraccionamento do pago: solicitude e tramitación
Artigo 28. Aprazamento e fraccionamento do pago: garantías.
Artigo 29. Situación de insolvencia.
Artigo 30. Medios de xustificación das actuacións para a declaración de créditos incobrables.
Artigo 31. Criterios de aplicación ás propostas de declaración de créditos incobrables

TÍTULO III. A APLICACIÓN DOS TRIBUTOS

CAPÍTULO I. Competencias en materia de aplicación dos tributos.
Artigo 32. Competencias.

CAPÍTULO II. Información e asistencia ó contribuínte.
Artigo 33. Comunicacions informativas e consultas tributarias.

CAPÍTULO III. Relacións con outras entidades
Artigo 34. Relacións coa Axencia Estatal de Administración Tributaria
Artigo 35. Relacións con Tráfico
Artigo 36. Relacións coa Xerencia Territorial do Catastro
Artigo 37. Colaboración cos Notarios
Artigo 38. Colaboración cos Xestores Administrativos
Artigo 39. Uso de medios electrónico para realización de consultas e trámites

CAPÍTULO IV. Normas sobre actuacións e procedementos.
Artigo 40. Regulación das actuacións e procedementos tributarios.
Artigo 41. Obriga de resolver e efectos do silencio administrativo
Artigo 42. Concepto e clases de liquidacións tributarias.
Artigo 43. Liquidacións definitivas.
Artigo 44. Liquidacións provisionais.
Artigo 45. As notificacións en materia tributaria.

CAPÍTULO V. Actuacións e procedementos de xestión tributaria.
Artigo 46. A xestión tributaria.

CAPÍTULO VI. Actuacións e procedementos de inspección.
Artigo 47. A Inspección dos tributos

CAPÍTULO VII. Actuacións e procedementos de recadación.
Artigo 48. Órganos de xestión recadatoria.
Artigo 49. Recadación das débedas. Prazos de ingreso
Artigo 50. Execución forzosa
Artigo 51. Custas do procedemento
Artigo 52. Anuncios e mesa de poxa. Particularidades

TÍTULO IV. A REVISIÓN EN VÍA ADMINISTRATIVA

CAPÍTULO I. A revisión en vía administrativa.
Artigo 53. Recurso de reposición
Artigo 54. Suspensión do acto impugnado.

DISPOSICIÓN ADICIONAL
Única. Recadación doutros ingresos de dereito público.

DISPOSICIÓN TRANSITORIA
Primeira. Sistema Especial de Pago (S.E.P.)
Segunda. Redución de taxas por circunstancias excepcionais

DISPOSICIÓN DERROGATORIA
Única. Derrogación da Ordenanza Fiscal Xeral anterior.

DISPOSICIÓN FINAL
Única. Entrada en vigor.

TÍTULO I. NORMAS TRIBUTARIAS DE CARÁCTER XERAL



FIRMANTE - FECHA





CAPÍTULO I. Principios xerais

Artigo 1. Obxecto da ordenanza

1.- Dítase esta Ordenanza xeral de conformidade co disposto no artigo 106.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local e en desenvolvemento do establecido no Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, e igualmente en desenvolvemento do apartado e) do artigo 7 e disposición adicional cuarta da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria e das demais normas concordantes.

2.- Esta Ordenanza contén:

- As normas comúns, tanto substantivas como de procedemento, que en materia de xestión, liquidación, inspección, recadación, revisión dos actos tributarios municipais, e réxime sancionador, complementan ó Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, á Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria, e demais normas de desenvolvemento das mesmas e, ás Ordenanzas e resolucións especificamente reguladoras de cada un dos distintos ingresos; de esta normativa serán supletorias a Lei 47/2003, de 26 de novembro, Xeral Orzamentaria e a Lei 39/15, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común.
- A adaptación das normas citadas no apartado anterior ao réxime de organización e funcionamento propio do Concello de Riveira

3.- As normas contidas nesta Ordenanza xeral aplicanse ao exercicio das competencias do Concello no relativo á xestión, liquidación, recadación, inspección e revisión dos actos tributarios municipais, na medida en que ditas funcións se exerzan directamente pola Administración tributaria municipal, e serán aplicables supletoriamente a outros ingresos de dereito público naqueles supostos concretos non establecidos especificamente na súa normativa reguladora e en canto a natureza xurídica de cada tipo de ingreso faga posible a devandita aplicación.

Artigo 2. Ámbito de aplicación.

Esta Ordenanza Fiscal Xeral obrigará:

- a) Ámbito territorial: En todo o territorio do término municipal de Riveira.
- b) Ámbito temporal: Desde a súa entrada en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.
- c) Ámbito persoal: A tódalas persoas físicas ou xurídicas susceptibles de dereitos e obrigacións fiscais, así como ós etes colectivos que, sen personalidade xurídica, poidan ser obxecto de tributación por ser centro de imputación de rendas, propiedades ou actividades.

Artigo 3. Potestade regulamentaria.

1.- Corresponde ao Pleno a potestade regulamentaria do Concello de Riveira en materia de tributos e ingresos de dereito público, que a exerce a través das ordenanzas e resolucións citadas no artigo 1.º desta ordenanza; isto sen prexuízo das súas facultades de delegación en materia de prezos públicos conforme prevé o artigo 47 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo.

2.- En relación coas ordenanzas fiscais e demais normas reguladoras de ingresos de dereito público corresponderá á alcaldía ditar as instrucións e circulares que conteñan as disposicións interpretativas e aclaratorias das mesmas.

Artigo 4. A Administración tributaria municipal.

Corresponde á Alcaldía a aplicación dos tributos e o exercicio da potestade sancionadora en materia tributaria, en tanto non se encomenden expresamente a outro órgano ou entidade de dereito público, e sen prexuízo das competencias atribuídas ao Alcalde nas letras b), c) y k) do artigo 124.4 de la Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local.

CAPÍTULO II. Normas xerais

Artigo 5. Ámbito temporal das normas tributarias.

Agás que expresamente se dispoña o contrario, as normas tributarias non terán efecto retroactivo e serán aplicadas aos tributos sen período impositivo que se devenguen a partir da súa entrada en vigor, e aos demais tributos para o período impositivo que se inicie desde ese momento.





Non obstante, as normas que regulen o réxime de infraccións e sancións tributarias e o das recargas terán efectos retroactivos respecto dos actos que non sexan firmes cando a súa aplicación resulte mais favorable para o interesado.

TÍTULO II. OS TRIBUTOS

CAPÍTULO I. Os tributos municipais

Artigo 6. Concepto, fins e clases dos tributos.

1.- Os tributos propios municipais son os ingresos públicos que consisten en prestacións pecuniarias esixibles polo Concello de Riveira como consecuencia da realización do suposto de feito ao que a lei vincula o deber de contribuír, coa finalidade primordial de obter os ingresos necesarios para o sostemento dos gastos públicos.

2.- Os tributos, calquera que sexa a súa denominación, clasifícanse en taxas, contribucións especiais e impostos.

Artigo 7. Taxas.

O Concello de Riveira poderá establecer e esixir taxas pola prestación de servizos ou a realización de actividades da súa competencia e pola utilización privativa ou o aproveitamento especial dos bens del dominio público municipal, segundo as normas contidas no Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

Artigo 8. Contribucións especiais.

O Concello de Riveira poderá establecer e esixir contribucións especiais pola realización de obras ou polo establecemento ou ampliación de servizos municipais, segundo as normas contidas no Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

Artigo 9. Impostos.

1.- O Concello de Riveira esixirá, de acordo co Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais, as disposicións que a desenvolven e as correspondentes ordenanzas fiscais, os seguintes impostos:

- Imposto sobre Bens Inmóveis (IBI).
- Imposto sobre Actividades Económicas (IAE).
- Imposto sobre Vehículos de Tracción Mecánica (IVTM).

2.- Así mesmo, o Concello de Riveira poderá establecer e esixir o Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras (ICIO) e o Imposto sobre o Incremento de Valor dos Terreos de Natureza Urbana (IIVTNU), de acordo co Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, as disposicións que a desenvolvan e as respectivas ordenanzas fiscais.

Artigo 10. Imposto sobre Bens Inmóveis.

1.- Os padróns fiscais do Imposto sobre Bens Inmóveis (IBI) elabóraos, por delegación do Concello de Riveira, o Servizo de Xestión Tributaria da Excm. Deputación Provincial de A Coruña, a partir do padrón do exercicio anterior, ao que se incorporarán as alteracións de carácter físico, económico e xurídico aprobadas pola Xerencia Territorial do Catastro e aquelas que sexan consecuencia de feitos ou actos coñecidos pola Administración tributaria municipal, todo isto nos termos establecidos no convenio coa Dirección Xeral do Catastro.

2.- As variacións de carácter físico, económico ou xurídico que se produzan nos bens gravados terán efectividade desde o día primeiro do ano seguinte, e poden incorporarse directamente ao padrón correspondente a dito período se non se produciu modificación da base imponible.

3.- Cando a Administración tributaria municipal ou provincial coñeza as variacións de titularidade que consten en documento público, actualizará o padrón do IBI e comunicará as correspondentes variacións á Xerencia Territorial do Catastro.

4.- Na xestión do IBI, observaranse as seguintes prescricións:

- Con carácter xeral a Administración tributaria emitirá os recibos e as liquidacións tributarias a nome do titular do dereito constitutivo do feito imponible.
- Cando un ben inmóvil ou un dereito sobre o mesmo pertenza a dous ou mais titulares:



FIRMANTE - FECHA





- b.1.- Procederá a división da cota tributaria, previa solicitude do cotitular, cando se acheguen os datos persoais e os domicilios do resto dos obrigados ao pago, así como os documentos públicos acreditativos da proporción en que cada un participa no dominio ou dereito sobre o inmovible.

Unha vez aceptada pola Administración a solicitude de división, os datos incorporaranse no padrón do imposto do exercicio inmediato posterior e manterase nos sucesivos mentres non se solicite a modificación.

Se algunha das cotas non se paga no período voluntario esixírase o pago da débeda a calquera dos responsables solidarios.

- b.2.- Non procederá a división da cota do tributo nos supostos de réxime económico matrimonial de sociedade legal de gananciais. De se presentar solicitude arquivárase sen máis trámite.
- b.3.- Non procederá a división da cota, por razóns de custe e eficacia, nos supostos en que, como consecuencia da división, resulten cotas de importe inferior a 6 euros.
- c) c) Nos supostos de separación matrimonial xudicial ou de divorcio, con atribución do uso da vivenda a un dos cotitulares, pódese solicitar a alteración da orde dos suxeitos pasivos para facer constar, en primeiro lugar, a quen é o beneficiario do uso. Neste caso esíxese o acordo expreso dos interesados.

Artigo 11. Imposto sobre Vehículos de Tracción Mecánica

1.- O padrón fiscal do Imposto sobre Vehículos de Tracción Mecánica formarao a Administración tributaria municipal a partir do padrón do ano anterior, incorporando as altas e o resto de modificacións (transferencias, cambios de domicilio e baixas) producidas no exercicio inmediatamente anterior.

2.- Será suxeito pasivo do imposto a persoa física ou xurídica que figure como titular do vehículo no Rexistro Central de Tráfico, excepto cando se acredite debidamente que o día primeiro do exercicio o vehículo non era propiedade da persoa que figuraba como titular no Rexistro Central de Tráfico. Neste caso, se o vendedor acredita o cumprimento das obrigas impostas polo Regulamento Xeral de Vehículos ao que transmite e solicita a anulación da liquidación, estimárase a solicitude.

3.- Para determinar a débeda tributaria, que constará no padrón, aplicarase o coeficiente de incremento aprobado na Ordenanza fiscal correspondente sobre as tarifas do artigo 95 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

4.- Nas primeiras adquisicións de vehículos o imposto esixírase en réxime de autoliquidación, que se acreditará diante da Xefatura Provincial de Tráfico con carácter previo á matriculación do vehículo. Tamén se esixirá o imposto neste réxime de exacción no suposto de rehabilitación dun vehículo realizada en exercicios posteriores ao de tramitación da correspondente baixa.

A autoliquidación do imposto no caso de primeiras adquisicións ou rehabilitacións de vehículos realizarase telemática. Se algún interesado o require, nas oficinas de Atención Cidadá darase asistencia para o trámite.

5.- A Administración tributaria municipal comunicará á Xefatura Provincial de Tráfico os recibos que están impagados para o efecto de que non se autoricen cambios de titularidade dos vehículos cando conste no seu historial que está pendente de pago o imposto sobre vehículos de tracción mecánica correspondente ao ano inmediatamente anterior á realización do trámite.

Non obstante poderase efectuar o cambio de titularidade cando se presente diante da Xefatura Provincial de Tráfico o xustificante acreditativo do pago da débeda.

Artigo 12. Imposto sobre Actividades Económicas

1.- A matrícula formarase anualmente e comprenderá os datos que determine a normativa que resulte aplicable e as instrucións que, no seu desenvolvemento, dite a Axencia Estatal de Administración Tributaria.

2.- O Servizo de Xestión Tributaria da Excm. Deputación Provincial de A Coruña, por delegación do Concello de Ribeira, intercambiará coa Axencia Estatal de Administración tributaria (AEAT) os datos con transcendencia para a xestión deste imposto coñecidos en base a declaracións presentadas, ou resultantes das actuacións de xestión e de inspección tributarias que se desenvolan.

CAPÍTULO II. A relación xurídica tributaria.

Artigo 13. A relación xurídica - tributaria.





Os elementos da obriga tributaria non poderán ser alterados por actos o convenios dos particulares, que non producirán efectos diante da Administración, sen prexuízo das súas consecuencias xurídico - privadas.

CAPÍTULO III. Beneficios fiscais

Artigo 14. Beneficios fiscais.

1.- Non poderán recoñecerse outros beneficios fiscais nos tributos locais que os expresamente previstos nas normas con rango de lei ou os derivados da aplicación dos tratados internacionais.

2.- Non obstante, tamén poderán recoñecerse os beneficios fiscais establecidos nas respectivas ordenanzas fiscais, que incluírán, na súa regulación os aspectos substantivos e formais, cos límites e nos supostos expresamente previstos pola lei.

3.- Sen prexuízo do establecido na normativa reguladora de cada tributo, que terá carácter preferente, nos casos en que o beneficio fiscal se conceda a instancia de parte, a solicitude deberá presentarse:

- Cando se trate de tributos periódicos xestionados mediante padrón ou matrícula, no prazo establecido na respectiva ordenanza para a presentación das preceptivas declaracións de alta ou modificación.
- Cando se trate de tributos nos que se ten establecido o réxime de autoliquidación, no prazo de presentación da correspondente autoliquidación.
- Nos restantes casos, nos prazos de presentación da correspondente declaración tributaria ou ao tempo da presentación da solicitude do permiso ou autorización que determine o nacemento da obriga tributaria, segundo proceda.

4.- Unha vez outorgado, o beneficio fiscal aplicarase nas sucesivas liquidacións en tanto non se alteren as circunstancias de feito ou de dereito que determinaron o seu outorgamento, neste caso estarase ao establecido no apartado seguinte deste artigo.

5.- Terán carácter provisional os actos de concesión ou recoñecemento de beneficios fiscais, que estean condicionados ao cumprimento de certas condicións futuras ou á efectiva concorrencia de determinados requisitos non comprobados no procedemento en que se dítaron.

A Administración tributaria municipal poderá comprobar, nun posterior procedemento de aplicación dos tributos, a concorrencia de ditas condicións ou requisitos e, no seu caso, regularizar a situación tributaria do obrigado, sen necesidade de proceder á previa revisión de ditos actos nos termos previstos no título V da Lei Xeral Tributaria.

CAPÍTULO IV. Obrigados tributarios.

Artigo 15. Domicilio fiscal.

1.- O domicilio fiscal dos interesados rexerese polo disposto a tal efecto na normativa tributaria de carácter xeral ditada polo estado.

2.- A Administración tributaria municipal poderá comprobar e rectificar o domicilio fiscal declarado. Con dita finalidade poderá, entre outras, efectuar as seguintes actuacións:

- Consultar os datos con transcendencia tributaria do padrón de habitantes, coa finalidade de mellorar a información sobre os domicilios fiscais dos obrigados tributarios.
- Consultar o dato do domicilio na AEAT, e, se o domicilio declarado polo suxeito pasivo diante da AEAT é diferente do que obra na base de datos da Administración tributaria municipal, poderá

rectificar este último, incorporando o da AEAT como elemento de xestión asociado ao obrigado tributario, podendo constituír a dirección a onde remitir todas as notificacións derivadas das actuacións da Administración tributaria municipal.

Artigo 16. Categoría das vías.(sen contido).

CAPÍTULO V. A débeda tributaria.

Artigo 17. Importe mínimo de liquidación.

1.- De conformidade co disposto polo artigo 16 Lei 47/2003, de 26 de novembro, Xeral Orzamentaria, a Alcaldía, discrecionalmente, poderá establecer a non liquidación, ou no seu caso a anulación de todas aquelas liquidacións de impostos municipais e de sancións tributarias das que resulten débedas inferiores a 6 euros, por considerarse que por debaixo desta contía o ingreso non cubre os custes de xestión e recadación.





2.- De conformidade co previsto polo artigo 72.5 do Regulamento Xeral de Recadación, non se practicará liquidación separada por xuros de mora no procedemento de constrinximento cando a cantidade resultante por este concepto sexa inferior a 6 euros.

3.- Esta limitación non afecta aos xuros de mora devengados e xestionados xunto co principal no procedemento de constrinximento, e nos aprazamentos ou fraccionamentos de pago.

Artigo 18. Documento único

Poderán refundirse nun documento único de declaración, liquidación e recadación as exaccións que recaian sobre o mesmo obrigado tributario ou persoa ou entidade obrigada ao pago. Neste caso será obrigatorio:

- a) Que na liquidación consten as bases, tipos e cotas de cada concepto, co que quedarán determinadas ou individualizadas cada unha das liquidacións que se refunden.
- b) Que na recadación consten por separado as cotas relativas a cada concepto, de maneira que a suma determinará a cota refundida que se xestiona mediante documento único.

Artigo 19. Presentación de declaracións de alta, baixa e modificación

1.- Sempre que as normas legais ou regulamentarias reguladoras de cada tributo ou ingreso non establezan normas específicas de xestión, as declaracións de altas, baixas ou modificacións presentaranse con carácter xeral no prazo máximo dun mes desde que se produzan as circunstancias que as motiven.

2.- As declaracións de baixas e de modificación producirán efecto para o exercicio ou período de liquidación, se fose inferior, inmediato seguinte a aquel no que se presenten.

Non obstante o anterior, cando a data que se consigne na declaración como de efectividade da baixa ou da modificación sexa dun exercicio anterior á de presentación da declaración, aquela data deberá ser probada por quen a declare. Neste caso son de aplicación as normas que sobre medios e valoración de probas contén o Código Civil e a Lei de Axuizamento Civil, agás o disposto nos artigos 105 a 108 da Lei Xeral Tributaria.

Artigo 20. Tributos obxecto de padróns ou matrícula.

1.- Nos tributos de cobro periódico de xestión íntegra pola Administración tributaria municipal o padrón para cada período elaborárase tendo en conta as declaracións dos interesados, e os demais datos que se coñezan como consecuencia das actuacións de comprobación e investigación.

2.- Os padróns someteranse á aprobación da Alcaldía e, unha vez aprobados, previo anuncio no Boletín Oficial da Provincia, os correspondentes Edictos expóranse ao público mediante anuncio no taboleiro de edictos municipal, para exame e recurso por parte dos lexítimamente interesados durante o prazo dun mes a contar dende a data de publicación do anuncio no B.O.P.

3.- Esta exposición pública efectuarase mediante atención personalizada nas dependencias municipais de información ao contribuínte ou naquelas outras que se designen expresamente, no horario establecido de atención ao público, debendo os interesados acreditar tal condición para poder acceder á información tributaria correspondente, xa se efectúe mediante acceso restrinxido ao documento que conteña o padrón ou matrícula, visualización dos datos de pantalla, copia dos mesmos ou comunicación verbal da información. Será igualmente necesario acreditar a condición de interesado en calquera outro momento distinto ao de exposición ao público para que a consulta sexa autorizada.

4.- Cando a Administración tributaria municipal teña coñecemento da existencia, modificación ou desaparición dos elementos configuradores do feito impositivo, e estes non foran declarados polo obrigado tributario ou persoa ou entidade obrigada ao pago, notificárase este feito á persoa interesada concedéndolle un prazo de dez días para que formule as alegacións que estime convenientes ao seu dereito. Transcorrido dito prazo e á vista das alegacións que no seu caso se formularan, procederase, de oficio, á inclusión, variación ou exclusión que proceda, notificándose así, sen prexuízo das sancións que, no seu caso, resultaran de aplicación.

As inclusións, variacións ou exclusións realizadas de oficio producirán efecto na matrícula ou padrón do período impositivo inmediato seguinte, sen prexuízo de que a Administración tributaria municipal practique as liquidacións que fosen procedentes en función das modificacións advertidas para os períodos tributarios non prescritos.

No obstante o anterior, cando a Administración tributaria municipal teña coñecemento do falecemento de quen figure nos padróns fiscais como obrigado tributario, procederá a efectuar, de oficio, a correspondente exclusión, unha vez constatado o falecemento, retrotraéndose os efectos da variación ao momento do mesmo,



FIRMANTE - FECHA		DOCUMENTO: 20210650777
JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 18/03/2021	MANUEL RUIZ RIVAS-ALCALDE PRESIDENTE - 18/03/2021	Fecha: 18/03/2021
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 18/03/2021 13:23:46		Hora: 13:19





anulando as liquidacións que desde tal momento se xiraran a nome do causante e practicando aos herdeiros as novas liquidacións que procedan.

Nos tributos de xestión delegada ou compartida con outras Administracións Públicas, cando a Administración tributaria municipal teña coñecemento da defunción de quen figure nos padróns fiscais como obrigado tributario, procederá a efectuar, de oficio, a correspondente comunicación ao órgano encargado da xestión catastral ou censual.

Artigo 21. Variacións das circunstancias determinantes da contía ou esixencia da débeda

1.- Nos termos establecidos no artigo 102.3 de la Lei Xeral Tributaria, e agás disposición en contrario, non será preciso notificar de xeito individualizado aos obrigados tributarios as variacións que experimenten as bases tributarias como consecuencia de:

- Modificacións dispostas polas Leis de Presupostos, de Medidas Financeiras e Tributarias, e outras normas de aplicación xeral e obrigatoria no ámbito territorial do Concello de Riveira;
- Variacións do coeficiente de incremento, do cadro de tarifas, dos coeficientes de situación, das zonas de valor, e outras análogas como o tipo de recargo provincial do IAE;
- As establecidas por Ordenanzas Fiscais Municipais,.

2.- Os obrigados tributarios e as persoas ou entidades obrigadas ao pago declarararán, ademais da súa alta e baixa nos correspondentes padróns fiscais e de prezos públicos, calquera modificación na súa situación xurídica ou material da que poida derivarse unha alteración con respecto á suxeición a un tributo ou ingreso de dereito público.

Non obstante o disposto no parágrafo precedente non se esixirá o pago da correspondente débeda cando, aínda non cumprida dita obriga, se demostre que non concorrían as condicións xurídicas ou supostos de feito determinantes da súa esixibilidade. Isto sen prexuízo da imposición da correspondente sanción por incumprimento da obriga establecida anteriormente.

Artigo 22. Extinción da débeda.

1.- As débedas tributarias poderán extinguirse por pago, prescrición, compensación ou condonación, e polos demais medios previstos nas leis.

2.- O pago, a compensación ou a condonación da débeda tributaria ten efectos liberatorios exclusivamente polo importe pagado, compensado ou condonado.

3.- O pago ou extinción, por calquera das formas citadas, das débedas co Concello de Riveira non terá outros efectos que os sinalados no parágrafo anterior, sen que en ningún caso faga proba ou implique de ningunha forma a concesión de permisos, autorizacións ou licencias que corresponda emitir a este Concello.

Artigo 23. Lexitimación, lugar e medios de pago.

1.- Pode realizar o pago calquera persoa, teña ou non interese no cumprimento da obriga, xa o coñeza e o aprobe o debedor, xa o descoñeza o obrigado ao pago. O terceiro que pague a débeda non estará lexitimado para exercer diante da Administración tributaria municipal os dereitos que corresponden ao obrigado ao pago.

2.- Os pagos das débedas e sancións xestionadas pola Administración tributaria municipal realizaranse en efectivo nas entidades colaboradoras:

- directamente;
- por vía telemática, sexa a través das pasarelas de pagos das propias entidades financeiras ou a través da páxina web municipal;
- nos caixeiros das entidades que así o admitan.

3.- O pago das débedas e sancións que teñan que realizarse en efectivo poderanse facer por algún dos seguintes medios:

- Díneiro de curso legal
- Cheque, axustado ó disposto no artigo 35 do Real Decreto 939/2005, de 29 de xullo, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Recadación.
- Transferencia bancaria, cos requisitos establecidos ó efecto no regulamento Xeral de Recadación.
- Calquera outro medio que autorice a Alcaldía.





4.- Só poderá admitirse o pago en especie cando así de ordene por lei.

5.- O emprego de calquera medio de pago alternativo á entrega de diñeiro de curso legal non poderá implicar gasto algún para o Concello pola súa tramitación, agás do que o Concello teña conveniado coas entidades colaboradoras polo uso de tarxetas de débito e crédito. En caso contrario o gasto cargado ao Concello será automaticamente resarcido do importe abonado, continuándose o procedemento recadador polo resto da cantidade adebedada pendente de cobro.

Artigo 24. Pago mediante domiciliación bancaria.

1.- O pago mediante domiciliación bancaria realizarase nos supostos e cos requisitos regulados neste artigo.

2.- No suposto de aprazamentos, fraccionamentos e outros ingresos distintos dos de vencemento periódico e notificación colectiva, a domiciliación bancaria deberá axustarse aos seguintes requisitos:

- Que o obrigado ao pago sexa titular da conta en que domicilie o pago e que dita conta estea aberta nunha entidade financeira.
- Que o obrigado ao pago comunique a súa orde de domiciliación a Administración tributaria municipal.

3.- No suposto dos tributos periódicos que son obxecto de notificación colectiva a domiciliación bancaria deberá axustarse ás condicións que se detallan de seguido:

- Comunicación á Administración tributaria municipal ben directamente, ben a través das entidades financeiras; neste caso as entidades comunicaran formalmente a Administración tributaria municipal para a eficacia da domiciliación. Poderá trasladarse a domiciliación a outra entidade de depósito coa comunicación á Administración tributaria municipal
- As comunicacións para que teñan efecto no recibo do exercicio deberán realizarse dous meses antes do comezo do período de recadación establecido para o tributo ou ingreso de dereito público que se domicilia o pago. As efectuadas con posterioridade producirán efecto para o período seguinte.
- As domiciliacións de pago terán validez por tempo indefinido, podéndose anular en calquera momento pola persoa ou entidade obrigada. Poderán ser rexeitadas pola entidade de crédito. Perderá vixencia a domiciliación nos supostos de devolución cando así o determine a Administración tributaria municipal sen necesidade de comunicación aos interesados.
- O pago poderá domiciliarse nunha conta que non sexa de titularidade da persoa ou entidade obrigada ao pago, sempre que o titular da conta autorice a domiciliación.

4.- Os pagos efectuados mediante domiciliación bancaria entenderanse realizados na data de cargo en conta de ditas domiciliacións, considerándose xustificante do ingreso o que para dito efecto expide a entidade de depósito onde está domiciliado o pago. Este comprobante de cargo en conta deberá recoller, como mínimo, os datos que se establezan pola Administración tributaria municipal.

Artigo 25. Calendario fiscal.

Os períodos para pagar os tributos e outros ingresos públicos de carácter periódico que se xestionan por recibo serán establecidos pola alcaldía con carácter previo ao inicio de cada exercicio económico, e serán obxecto de difusión a través da sede electrónica do Concello.

Artigo 26. Sistema Especial de Pago (S.E.P.)

1.- Os obrigados ao pago que así o soliciten poderán pagar de forma fraccionada e mediante domiciliación bancaria as débedas polo IBI (sempre que o posibilita o Servizo de Xestión Tributaria da Excm. Deputación Provincial de A Coruña) e IVTM, devengadas a 1 de xaneiro do exercicio, sen que lles sexa esixible o pago de xuros de mora nin a prestación de garantías.

2.- Para acceder a esta modalidade de pago, os obrigados ao pago deberán cumprir os requisitos que de seguido se recollen:

- Non ter á data de aprobación do padrón do tributo correspondente ningunha débeda en vía executiva co Concello.
- Domiciliar os seus recibos en calquera entidade financeira.
- Notificar formalmente á Administración tributaria a adhesión a este Sistema antes do día 1 de xaneiro do exercicio no que se pretende a súa aplicación.
- Incluír tódolos seus recibos polo tipo de ingreso no que se acollen a este sistema.



FIRMANTE - FECHA		DOCUMENTO: 20210650777
JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 18/03/2021	MANUEL RUIZ RIVAS-ALCALDE PRESIDENTE - 18/03/2021	Fecha: 18/03/2021
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 18/03/2021 13:23:46		Hora: 13:19





3.- O sistema especial de pagos entenderase automaticamente concedido desde o mesmo día da solicitude sempre que se cumpran todos os requisitos establecidos no parágrafo anterior. No suposto de que a solicitude se presente despois da data indicada, a concesión terá efectos tributarios no exercicio seguinte.

De non se cumprir os requisitos establecidos a Administración tributaria municipal comunicará, antes do inicio do período de pago establecido e en todo caso antes do primeiro prazo, a denegación o a exclusión deste sistema especial de pago ao obrigado ao pago.

Unha vez incluídos os recibos neste sistema de pago entenderase prorrogado tacitamente agás desistimento expreso presentado antes do día 1 de xaneiro do exercicio no que se pretende a exclusión do sistema especial de pago, ou incumprimento de calquera dos prazos.

4.- O obrigado ao pago abonará mediante domiciliación as cotas tributarias fraccionadas, sen xuros de mora e sen obriga de prestar garantías, mediante o Sistema Especial de Pago nas seguintes datas (agás doutras que poida establecer o Servizo de Xestión Tributaria da Excm. Deputación Provincial no caso do IBI):

- Primeiro Prazo: 5 de maio.
- Segundo Prazo: 5 de agosto.
- Terceiro Prazo: 5 de novembro.

5.- O importe de cada fracción será el resultado de dividir o importe do recibo polo número de fraccións.

6.- Cando por causas imputables ao obrigado ao pago a débeda non se faga efectiva no seu vencemento, isto é cando non se pague calquera dos prazos, perderase de maneira automática o dereito a beneficiarse deste sistema de pago, pasando a rexerse polo sistema xeral e, polo tanto:

- a) se o período voluntario de ingreso non tivera finalizado, terase que proceder ao pago integro da débeda dentro do período voluntario de ingreso establecido para o tributo ou ingreso de dereito público;
- b) se o período voluntario de ingreso tivera finalizado, iniciarase a vía de constrinximento pola contía pendente de pago.

7.- Se o obrigado ao pago decidira adiantar o pago de calquera das fracciónes á data de vencemento sinalada, deberá abonar o importe total do recibo para o que terá que dirixirse a Administración tributaria municipal que lle entregará o documento de pago sen que isto supoña a perda do sistema para exercicios posteriores, agás que o interesado así o manifeste.

8.- Calquera modificación na conta de domiciliación deberá de comunicarse con 2 meses de antelación as datas establecidas para o cobro de cada fracción. No suposto de que se presente despois das datas indicadas, as modificacións terán efecto para a fracción seguinte.

9.- Cando o sistema especial de pago remate anticipadamente sen que o importe abonado permita cancelar o importe das débedas incluídas no sistema, o Concello aplicará os cobros realizados a débeda máis antiga, e se as débedas tiveran a mesma antigüidade a Administración tributaria poderá aplicarlas do xeito que estime máis conveniente. A antigüidade determinarase de acordo coa data en que cada unha fose esixible.

Artigo 27. Aprazamento e fraccionamento do pago: solicitude e tramitación.

1.- O pago das débedas tributarias e demais de dereito público, tanto en período voluntario como executivo, poderá aprazarse ou fraccionarse cando a situación económico - financeira do obrigado tributario lle impida, de forma transitoria, efectuar o pago nos prazos establecidos, nos termos previstos nos artigos 65 e 82 da Lei Xeral Tributaria, no Regulamento Xeral de Recadación, e coas precisións que se detallan neste artigo.

2.- Correspóndelle a Xefatura da unidade de Recadación a apreciación da situación económica financeira do obrigado ao pago en relación coa posibilidade de pagar as débedas. Cando a valoración da solvencia presente gran complexidade económica ou xurídica, a Xefatura da unidade remitirá a solicitude á Asesoría Xurídica, que poderá solicitar para dita valoración o apoio da unidade municipal que estime oportuno.

3.- As persoas ou entidades interesadas presentarán a correspondente solicitude, que deberá comprender:

- a) Para as débedas en período executivo: Tódalas débedas tributarias e demais de dereito público das que sexa suxeito pasivo ou obrigado ao pago a persoa ou entidade solicitante.
- b) Para as débedas en período voluntario: as débedas que se solicite aprazar ou fraccionar.





4.- Xunto coa solicitude no modelo normalizado, que recollerá todos os datos previstos no artigo 46.2 do regulamento xeral de recadación, deberán achegar os seguintes documentos:

a) Os datos bancarios (IBAN) dunha conta aberta en oficina de entidade financeira en onde se deba efectuar o cargo en conta, xa que con carácter xeral a concesión require que o solicitante domicilie o pago da débeda ou das sucesivas fraccións. A entidade financeira onde se domicilia o cargo debe ter sucursal aberta no termo municipal.

b) Ademais:

▪ b.1.- Débedas de persoas físicas: fotocopia da última nómina e da declaración do IRPF, ou certificado da AEAT de non presentar declaración; nos caso de desemprego certificado do

organismo competente que acredite dita situación; no caso de pensionistas, certificado da Seguridade Social ou organismo competente que acredite o importe.

▪ b.2.- Débedas de persoas xurídicas: copia da última declaración do imposto de sociedades e da escritura de constitución da sociedade.

c) Tamén é preciso:

▪ c.1.- Detallar a garantía que se ofrece cando sexa preceptiva, ou, no seu caso, a imposibilidade de constituíla;

▪ c.2.- Fundamentar as dificultades de tesourería

5.- Non se concederán aprazamentos ou fraccionamentos:

a) En período voluntario nos seguintes supostos:

▪ a.1.- Para autoliquidacións ou liquidacións que foran fraccionadas conforme ao disposto na ordenanza reguladora do tributo ou ingreso público en cuestión, ou cando se tivera concedido un aprazamentos ou fraccionamento previo dos previstos con carácter xenérico pola Administración Municipal.

▪ a.2.- Para recibos acollidos ao sistema de pago especial.

▪ a.3.- Para débedas de importe inferior a 300 euros

▪ a.4.- Para débedas suspendidas cando recaera sentenza firme en contra.

▪ a.5.- Para débedas por sancións derivadas de infraccións en materia de tráfico.

b) En período executivo nos seguintes supostos:

▪ b.1.- Cando o conxunto das débedas incluídas no expediente executivo teñan un importe inferior a 300 euros

▪ b.2.- Para débedas suspendidas cando recaera sentenza firme en contra.

▪ b.3.- Cando no procedemento executivo se teña notificado o acto administrativo polo que se acorda a exenación dos bens embargados.

6.- A vista da situación financeira do obrigado ao pago e atendidas as circunstancias sociais, económicas e financeiras de cada momento, corresponde acordar á alcaldía, ou órgano en que esta delegue, a determinación do prazo máximo en aprazamento e o número de prazos máximos en fraccionamentos que poidan ser concedidos en función do importe da débeda afectada, cando polo devandito órgano se aprecie a necesidade de outorgar prazos maiores dos establecidos con carácter xeral no apartado seguinte.

7.- Con carácter xeral o aprazamento ou o fraccionamento concederase, pola Alcaldía, por un período máximo de 12, 18, ou 24 meses, a contar desde a data na que se aprobe a súa concesión, conforme as cantidades, períodos e vencementos seguintes:

a) Débedas superiores a 300,00 euros ata 3.000,00 euros: fraccionaranse en doce períodos mensuais por un 6,25% mais os correspondentes xuros. O aprazamento concederase por un máximo de 12 meses.

b) Débedas superiores a 3.000,00 euros ata 6.000,00 euros: Fraccionaranse en seis períodos trimestrais por un 12,5% mais os correspondentes xuros. O aprazamento concederase por un máximo de 18 meses.

c) Débedas superiores a 6.000,00 euros, e casos cualificados e excepcionais: A alcaldía poderá fixar períodos de concesión distintos dos anteriores en razón da contía, sen que o período poida exceder de dous anos.





8.- As cantidades aprazadas, excluído, no seu caso, o recargo de constrinximento, devengarán xuros de mora polo tempo que dure o aprazamento e ó tipo fixado na Lei de Orzamentos xerais do Estado.

Para o caso de que o fraccionamento ou aprazamento sexa superior ao ano e, polo tanto, se descoñeza o tipo de xuro aplicable, calcularase en base ao tipo vixente e posteriormente, se houbera modificacións do tipo, regularizarase.

O cargo polo importe da débeda ou de cada fracción, segundo o sistema de domiciliación recollido no parágrafo 4.a) deste artigo, efectuarase polo importe exacto, resultante de aplicar o tipo de xuro vixente no exercicio de vencemento da fracción.

Artigo 28. Aprazamento e fraccionamento do pago: garantías.

1.- A esixencia de garantías estará en función do obrigado ao pago é do importe das débedas para as que se pide o aprazamento ou fraccionamento segundo as seguintes regras:

- Para as Administracións públicas calquera que sexa a contía e para o resto dos obrigados cando as débedas sexan inferiores a 6.000 euros non se esixirá garantía.
- Para as débedas iguais ou superiores a 6.000 euros e ata 12.000 euros, o obrigado tributario poderá solicitar a exención total ou parcial da achega de garantía, mediante a achega de: declaración responsable; xustificación documental da imposibilidade de obter aval de polo menos tres entidades financeiras; xustificación de carecer de bens o non posuír outros distintos aos ofrecidos.
- Para as débedas superiores a 12.000 euros, será necesaria a prestación de garantía suficiente que avale o fraccionamento ou aprazamento solicitado.

2.- Aceptaranse con carácter xeral as seguintes garantías:

- Aval solidario de entidades de crédito ou sociedade de garantía recíproca ou mediante certificado de seguro de caución
- Calquera outra que se considere suficiente, cando se acredite a imposibilidade de obter o aval.

3.- Con carácter excepcional admitiranse as seguintes garantías:

- Tratándose de débedas en período executivo, a garantía poderá consistir na anotación de embargo preventivo de bens do debedor nos rexistros públicos correspondentes.
- O Obrigado ao pago poderá solicitar a adopción dunha medida cautelar para constituír a garantía; a medida cautelar poderá consistir na retención de devolucións ou outros pagos en trámite, anotación preventiva de embargo de bens que lle pertencen, ou calquera outra que estime oportuna.

4.- O acordo de concesión especificará a garantía que o solicitante deberá achegar ou, de se lo caso, a dispensa desta obriga.

5.- A garantía deberá achegarse no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte ao da notificación do acordo de concesión. Transcorrido este prazo sen formalizar a garantía, esixírase inmediatamente pola vía de constrinximento a débeda cos xuros e recargas correspondentes do período executivo, sempre que rematara o período regulamentario de ingreso.

Artigo 29. Situación de insolvencia.

1.- Son créditos incobrables aqueles que non poden facerse efectivos no procedemento de recadación por resultar falidos os obrigados ao pago, ou por concorrer nos bens coñecidos do debedor circunstancias que os fan inembargables.

2.- Cando se declararan falidos os obrigados ao pago e os responsables, declararanse provisionalmente extinguidas as débedas, podendo ser rehabilitadas no prazo de prescrición. A débeda quedará definitivamente extinguida se non se rehabilita nese prazo.

3.- Aos efectos de rehabilitación dos créditos, cando se coñeza a súa procedencia a/o xefe da unidade de Recadación, comunicaráo a/ao xefe da unidade de Xestión tributaria para a súa incorporación ao sistema informático, entendéndose aprobados desde ese momento. A unidade de recadación vivirá a posible solvencia sobrevida dos obrigados e responsables declarados falidos.

4.- Declarado falido un debedor, se non existen outros obrigados ou responsables, os créditos contra o mesmo de vencemento posterior serán dados de baixa por referencia a dita declaración, unha vez transcorrido o prazo de pago en voluntaria e efectuadas as pertinentes consultas nas bases de datos ás que ten acceso a Administración tributaria municipal.





Artigo 30. Medios de xustificación das actuacións para a declaración de crédito incobrable.

A/O xefe da unidade de Recadación documentará debidamente os expedientes formulando, con base aos criterios de economía e eficacia na xestión recadatoria, proposta de crédito incobrable que se someterá a aprobación da Alcaldía.

Artigo 31. Criterios de aplicación ás propostas de declaración de créditos incobrables.

1.- Coa finalidade de conxugar o respecto ao principio de legalidade do procedemento co de eficacia administrativa, establécense os requisitos e condicións que deben verificarse con carácter previo á proposta de declaración de créditos incobrables.

2.- A documentación xustificativa será diferente en función dos importes e características da débeda. Se distinguirán os seguintes supostos:

- a) Expedientes por débedas acumuladas de importe ata 300 euros. Formularase proposta de declaración de crédito incobrable cos seguintes requisitos:
- a.1 Acreditarase no expediente que o debedor non figura como suxeito pasivo no padrón do Imposto sobre bens inmobles, nin no Imposto sobre actividades económicas.
 - a.2 Acreditarase no expediente que se realizaron dous intentos en periodos diferentes, mediando entre eles cando menos 12 meses, de embargo de fondos en diferentes entidades bancarias así como dous intentos de embargo, con resultado negativo, de soldos, salarios e pensións.
 - a.3 Acreditarase no expediente o intento de embargo de devolucións tributarias, a practicar pola AEAT.
- b) Expedientes por débedas acumuladas de importe superior a 300 euros que figuren a nome de persoas físicas. Formularase proposta de declaración de crédito incobrable cos seguintes requisitos:
- b.1 Acreditarase no expediente que o debedor non figura como suxeito pasivo no padrón do Imposto sobre bens inmobles, no Imposto sobre actividades económicas, e no imposto sobre vehículos de tracción mecánica.
 - b.2 Acreditarase no expediente que se realizaron dous intentos en periodos diferentes, mediando entre eles cando menos 12 meses, de embargo de fondos en diferentes entidades bancarias así como dous intentos de embargo, con resultado negativo, de soldos, salarios e pensións.
 - b.3 Acreditarase no expediente o intento de embargo de devolucións tributarias, a practicar pola AEAT.
 - b.4 Acreditarase que non figuran bens inscritos a nome do debedor no Servizo de Índice Central dos Rexistros da Propiedade, así como noutros Rexistros públicos.
- c) Expedientes por débedas acumuladas de importe superior a 300 euros que figuren a nome de entidades xurídicas. Formularase proposta de declaración de crédito incobrable cos seguintes requisitos:
- c.1 Acreditarase no expediente que o debedor non figura como suxeito pasivo no padrón do Imposto sobre bens inmobles, no Imposto sobre actividades económicas, e no imposto sobre vehículos de tracción mecánica.
 - c.2 Acreditarase no expediente que se realizaron dous intentos en periodos diferentes, mediando entre eles cando menos 12 meses, de embargo de fondos en diferentes entidades bancarias así como dous intentos de embargo, con resultado negativo, de soldos, salarios e pensións.
 - c.3 Acreditarase no expediente o intento de embargo de devolucións tributarias, a practicar pola AEAT.
 - c.4 Acreditarase que non figuran bens inscritos a nome do debedor no Servizo de Índice Central dos Rexistros da Propiedade, así como noutros Rexistros públicos.
 - c.5 Constatáranse as actuacións realizadas mediante a información facilitada polo Rexistro Mercantil.





3.- Para determinar a contía a que se refiren os apartados anteriores, computaranse todas as débedas dun contribuínte que queden pendentes de pago e sempre que se ditara xa a providencia de constrinximento.

Posporase a proposta de crédito incobrábel dentro do prazo de prescrición, nos casos en que o incremento da contía pola posible acumulación de débedas de vencemento periódico, poida permitir unha tramitación posterior do expediente.

TÍTULO III. A APLICACIÓN DOS TRIBUTOS

CAPÍTULO I. Competencias en materia da aplicación dos tributos.

Artigo 32. Competencias.

1.- Son competencias do Pleno da Corporación en materia de aplicación dos tributos, as seguintes:

- Aprobación de convenios ou acordos, con outras entidades públicas, de delegación de competencias en materia de aplicación dos tributos.
- Aprobación de ordenanzas fiscais e as reguladoras doutros ingresos de dereito público.
- As demais que lle atribúan as leis, a presente ordenanza xeral e o resto das ordenanzas reguladoras.

2.- Son competencias do Alcalde en materia de aplicación dos tributos, as seguintes:

- Ditar instrucións e circulares de aplicación das ordenanzas aprobadas polo Pleno municipal.
- Contestar as consultas tributarias que se formulen á administración tributaria municipal.
- Aprobar os modelos de autoliquidacións dos tributos e demais ingresos de dereito público.
- Dispor a non liquidación ou, no seu caso, a anulación e baixa en contabilidade de todas aquelas liquidacións das que resulten débedas inferiores á contía que se fixe como insuficiente para a cobertura do custo que a súa exacción e recadación representen.

CAPÍTULO II. Información e asistencia ó contribuínte.

Artigo 33. Comunicacions informativas e consultas tributarias.

1.- A Administración tributaria municipal informará aos contribuíntes que o soliciten dos criterios administrativos existentes para a aplicación da normativa tributaria.

2.- Os interesados poden dirixirse á web do Concello para acceder á información de interese xeral e realizar os trámites e xestións que se regulan no artigo 39 desta Ordenanza.

3.- Se a solicitude de información se refire a unha cuestión regulamentada na Ordenanza xeral ou en circulares da Administración tributaria municipal, ou ben se trata dunha cuestión na que a resposta se deduce claramente da normativa vixente, a unidade receptora da consulta poderá formular a resposta. Se no fose así, responderase desde a Alcaldía, previo informe da xefatura da Administración tributaria municipal. A resposta deberá entregarse nun prazo máximo de tres meses, con unha referencia á normativa aplicable á cuestión que se presenta.

3.- As consultas tributarias escritas referiranse, necesariamente, ao réxime, clasificación ou cualificación tributarios que se atopan dentro do ámbito de competencias da Administración tributaria municipal.

As consultas tributarias escritas que se presenten antes do remate do prazo establecido para a presentación de declaracións, autoliquidacións ou o cumprimento doutras obrigas tributarias, deberanse contestar no prazo de seis meses desde a presentación.

No escrito de presentación manifestarase expresamente se no momento de presentalo se está tramitando ou non un procedemento, recurso ou reclamación relacionado co réxime, clasificación ou cualificación tributaria do tema presentado á consulta. De se considerar necesario para formar o criterio, poderase solicitar aos interesados que amplíen os antecedentes ou as circunstancias do caso.

A contestación ás consultas tributarias escritas terá efectos vinculantes para a Administración tributaria municipal, excepto cando as cuestións que se presentan están relacionadas co obxecto ou a tramitación dun procedemento, recurso ou reclamación iniciado antes de formulalas. Os criterios expresados na contestación aplicaranse ao interesado que consulta e a outros obrigados tributarios, sempre que exista identidade entre os feitos e circunstancias reais e aqueles obxecto da consulta.

Non se admitirá ningunha consulta que se presente despois de rematar os prazos establecidos para o exercicio do dereito, para a presentación da declaración ou autoliquidación ou para o cumprimento da obriga tributaria de que se trate.





4.- Para garantir a confidencialidade da información:

- Cando se trata de comparecencia persoal, requirirase do contribuínte a súa debida identificación mediante presentación do NIF.
- Cando o interesado se relacione coa Administración por medios telemáticos, poderá identificarse utilizando o certificado dixital ou o medio que teña establecido o Concello para acreditar a súa identidade.
- Cando o interesado actúe por medio de representante, este deberá acreditar a súa condición nos termos previstos no artigo 46 da Lei Xeral Tributaria, sen prexuízo do previsto nesta Ordenanza para os colaboradores sociais. En todo caso, presumirase concedida a representación cando se trate de acto de mero trámite.

CAPÍTULO III.- Relacións con outras entidades.

Artigo 34. Relacións coa Axencia Estatal de Administración Tributaria.

1.- A Administración tributaria municipal intercambiará coa AEAT información con transcendencia tributaria nas condicións que resulten dos convenios firmados pola Federación Española de Municipios e Provincias aos que se teña adherido o Concello de Riveira, ou doutros convenios que se poidan subscribir.

2.- Sen prexuízo do intercambio de información periódico, a que se refire o apartado anterior, a Administración tributaria municipal solicitará a colaboración da AEAT cando resulte imprescindible para a efectividade da recadación dos ingresos municipais.

A colaboración solicitada poderá referirse á obtención de datos con transcendencia tributaria e a calquera actuación recadatoria que teña que realizarse nun ámbito territorial diferente ao do termo municipal de Riveira.

3.- A Administración tributaria municipal poderá solicitar a colaboración da AEAT para proseguir a realización de actuacións de recadación executiva cando o debedor non teña bens embargables coñecidos no ámbito do termo municipal de Riveira.

Artigo 35. Relacións con Tráfico.

1.- Coa finalidade de xestionar eficazmente o Imposto sobre vehículos de tracción mecánica, a Dirección Xeral de Tráfico facilita que a Administración tributaria municipal consulte por vía telemática aqueles datos do Rexistro de Tráfico con transcendencia tributaria, e para a xestión das denuncias por infraccións de circulación.

2.- A Administración tributaria municipal poderá substituír, a petición da Xefatura Provincial de Tráfico, a transmisión en soporte papel dos datos relativos a autoliquidacións por IVTM polo envío dun arquivo informático.

3.- Respecto ás comunicacións de cambios de domicilio declarados polos obrigados tributarios, o Concello as remitirá telematicamente á Dirección Provincial de Tráfico, mediante un arquivo ou ficheiro.

Artigo 36. Relacións coa Xerencia Territorial do Catastro

1.- O intercambio de datos sobre bens inmobles e suxeitos pasivos do Imposto sobre bens inmobles con transcendencia para a xestión deste tributo, farase por medios informáticos cando a Xerencia Territorial do Catastro o solicite ou o autorice.

2.- A gravación de datos relativos a alteracións xurídicas faise directamente na base de datos da Dirección Xeral do Catastro, ao abeiro do que prevé o Real Decreto 417/2006 e o Convenio que poida subscribirse.

Artigo 37. Colaboración cos Notarios

1.- Desde o Índice Notarial Centralizado, transmitiranse á Administración tributaria municipal información sobre transmisións de inmobles, a efectos da liquidación do IVTNU.

2.- Con consentimento do interesado, os Notarios poderán consultar a existencia de débedas polo Imposto sobre bens inmobles asociadas á referencia catastral dun inmoble que se transmite, para poder formular a advertencia prevista no artigo 64 do TRHL.





3.- Outros intercambios de información de datos con transcendencia tributaria poderanse realizar por medios telemáticos que garantan a identidade de quen transmite a información, así como a integridade e a confidencialidade da transmisión.

4.- Cando estean desenvoltas as aplicacións informáticas necesarias para executar o que prevé o Convenio subscrito entre a FEMP e o Consello Xeral do Notariado, ao que esta adherido o Concello de Riveira, os Notarios poderán efectuar desde os seus despachos liquidacións do IVTNU.

Artigo 38. Colaboración cos Xestores Administrativos

1.- Previo convenio cos xestores administrativos, estes poderán realizar as seguintes funcións:

- Autoliquidar o Imposto sobre vehículos de tracción mecánica, no caso de novas adquisicións de vehículos, por conta do suxeito pasivo. A autoliquidación farase mediante conexión a web do Concello de Riveira. As persoas que poderán conectarse e realizar a tramitación serán as autorizadas e deberán identificarse a través dos medios que o Concello teña establecido.
- Pagar a cota mediante a pasarela telemática de pagos.
- Presentar autoliquidacións polo Imposto sobre o incremento do valor dos terreos de natureza urbana.
- Calquera outra función que fora acordada mediante o correspondente convenio de colaboración social.

2.- Os xestores, actuando como representantes de terceiro, debidamente identificados, ou mediante a adhesión aos acordos de colaboración firmados co Concello de Riveira, poderán realizar trámites e xestións coa Administración tributaria municipal por vía telemática ou presencial.

Artigo 39. Uso de medios electrónico para realización de consultas e trámites

1.- A Administración tributaria municipal impulsará a tramitación por medios electrónicos, informáticos e telemáticos dos procedementos de xestión, liquidación, inspección e recadación dos ingresos de dereito público que lle corresponde xestionar, consonte co disposto no artigo 45 da Lei 39/115, de 1 de outubro, do procedemento Administrativo Común, artigo 96 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria, e artigo 1 e seguintes da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos.

2.- Mediante o impulso do emprego dos medios electrónicos, a Administración tributaria municipal pretende promover una administración pública mais eficaz, eficiente, accesible e transparente.

3.- Con carácter xeral, a Administración tributaria municipal procurará e porá ao alcance dos cidadáns todos os medios posibles co obxectivo de que o interesado, para realizar calquera xestión en relación cos ingresos de dereito público, non teña que desprazarse persoalmente ás oficinas, senón que poida resolver, de se lo caso, ou atopar unha primeira información por internet, por correo electrónico ou telefonicamente.

4.- Na páxina web do Concello informárase polo miúdo dos servizos aos que por medios electrónicos, poden acceder os interesados.

5.- As persoas provistas de certificado dixital acreditativo da súa identidade, poderán realizar na web do Concello consultas e trámites vinculados aos datos de carácter persoal que lles afecten; entre outras, as seguintes:

- Autoliquidar ingresos.
- Débedas pendentes de pago.
- Domiciliacións de tributos vixentes.
- Corrección de datos persoais.
- Obtención de certificados.

CAPÍTULO IV. Normas sobre actuacións e procedementos.

Artigo 40. Regulación das actuacións e procedementos tributarios.

As actuacións e procedementos de aplicación dos tributos, no ámbito da Administración tributaria municipal, regularanse:

- Polas normas especiais establecidas na Lei Xeral Tributaria e no Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, por esta ordenanza e as ordenanzas fiscais específicas de cada tributo, así como polas normas de procedemento recollidas noutras leis tributarias e na súa normativa regulamentaria de desenvolvemento.
- No seu defecto, polas disposicións xerais do dereito administrativo e os preceptos do dereito común.





Artigo 41. Obriga de resolver e efectos do silencio administrativo

1.- A Administración tributaria municipal está obrigada a resolver todas as cuestións que se presenten nos procedementos tributarios. Exceptúase expresamente este deber de resolver nos seguintes casos:

- a) Nos procedementos relativos ao exercicio de deberes que só deben ser obxecto de comunicación polo obrigado tributario.
- b) Cando se produza a caducidade, a perda sobrevida do obxecto do procedemento, a renuncia ou o desestímulo dos interesados.

2.- Cando o interesado solicite expresamente que se declare a caducidade, a perda sobrevida do obxecto do procedemento, a renuncia ou o desestímulo, a Administración tributaria municipal deberá resolver sobre a petición.

3.- O prazo máximo de duración dos procedementos será de seis meses, agás que a normativa que os regula indique outro.

4.- A Administración tributaria municipal adoptará as medidas necesarias para cumprir os deberes de motivar os actos administrativos e resolver os recursos presentados no prazo fixado na normativa de aplicación.

5.- Nos procedementos iniciados por solicitude do interesado, o vencemento do prazo máximo fixado para a súa resolución sen dítarse e notificarse o acordo expreso, lécitima ao interesado para entender estimada ou desestimada a solicitude por silencio administrativo, segundo proceda, e sen prexuízo da resolución que a Administración debe dítar.

6.- Cando non recaera resolución dentro do prazo, entenderase desestimada a solicitude nos seguintes supostos:

- a) Resolución do recurso de reposición previo ao contencioso - administrativo, ou ao económico - administrativo, fronte aos actos ditados en materia de xestión de ingresos de dereito público local.
- b) Procedemento para a concesión de beneficios fiscais.
- c) Resolución doutros recursos administrativos diferentes dos establecidos no apartado a) que poideran interpoñerse.
- d) Suspensión do procedemento de xestión e/ou recadación dos ingresos de dereito público cando non se achegue garantía suficiente.
- e) Outros supostos previstos legalmente.

7.- Tamén se entenderá desestimada a devolución de ingresos indebidos no prazo de seis meses sempre que con anterioridade non fora anulada a liquidación que motivou o ingreso.

8.- Entenderanse estimadas as solicitudes presentadas polos interesados nos casos previstos na normativa de aplicación.

Artigo 42. Concepto e clases de liquidacións tributarias.

1.- A liquidación tributaria é o acto resolutorio mediante o que o órgano competente da Administración tributaria municipal realiza as operacións de cuantificación necesarias e determina o importe da débeda tributaria ou da cantidade que, no seu caso, resulte a devolver ou a compensar, de acordo coa normativa tributaria.

A Administración tributaria municipal non estará obrigada a axustar as liquidacións aos datos consignados polos obrigados tributarios nas autoliquidacións, declaracións, comunicacións, solicitudes ou calquera outro documento.

2.- As liquidacións tributarias ditadas pola Administración tributaria municipal, poderán ser provisionais ou definitivas.

Artigo 43. Liquidacións definitivas.

Terán a consideración de definitivas as liquidacións practicadas no procedemento inspector previa comprobación e investigación da totalidade dos elementos da obriga tributaria, agás o disposto no apartado 4, do artigo 101 da Lei Xeral Tributaria.

Consideraranse tamén definitivas, calquera que sexa o procedemento de aplicación de tributos do que resulten, as liquidacións que, previa comprobación da totalidade dos elementos que integran a débeda tributaria mediante o emprego de cantos datos e documentos sexan necesarios para a súa determinación, se notifiquen con expresión do seu carácter de definitiva.



FIRMANTE - FECHA		DOCUMENTO: 20210650777
JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 18/03/2021	MANUEL RUIZ RIVAS-ALCALDE PRESIDENTE - 18/03/2021	Fecha: 18/03/2021
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 18/03/2021 13:23:46		Hora: 13:19





Artigo 44. Liquidacións provisionais.

1.- Terán a consideración de provisionais, todas aquelas liquidacións que, segundo o establecido no artigo anterior, non teñan o carácter de definitivas.

2.- En particular, terán a consideración de provisionais:

- a) As liquidacións tributarias practicadas pola Administración tributaria municipal de acordo coa cualificación, bases, valores ou cotas fixadas polo Estado, nos tributos de xestión delegada ou compartida, cando ditos actos de cualificación ou fixación de bases, valores ou cotas foran ditados sen a previa comprobación do feito imponible ou das circunstancias determinantes da respectiva cualificación, valoración ou fixación de cotas, pola Administración competente.
- b) As liquidacións notificadas individualmente ou, no caso de tributos de cobro periódico por recibo, colectivamente, que conteñan o recoñecemento implícito de beneficios fiscais que estean condicionados ao cumprimento de certas condicións futuras ou á efectiva concorrencia de determinados requisitos non comprobados no procedemento en que se dítaron, podendo comprobarse nun posterior procedemento de comprobación ou investigación.

Artigo 45. As notificacións en materia tributaria.

1.- O réxime de notificacións será o previsto nas normas administrativas xerais, coas especialidades establecidas na Lei Xeral Tributaria e nas demais normas reguladoras dos tributos no ámbito local.

2.- Nos tributos de cobro periódico por recibo, unha vez notificada a liquidación correspondente a alta no respectivo rexistro, padrón ou matrícula, poderán notificarse colectivamente as sucesivas liquidacións, mediante edictos que así o advirtan.

A este efecto, os padróns ou matriculas someteranse, cada período, á aprobación da Alcaldía e, unha vez aprobados, expóranse ao público durante un prazo de un mes, contados a partir do día seguinte ao da publicación do anuncio de exposición no Boletín Oficial da Provincia da Coruña.

O aumento de base imponible sobre a resultante das declaracións deberá notificarse ao contribuínte con expresión concreta dos feitos e elementos adicionais que o motiven, excepto nos supostos previstos no parágrafo 1 do artigo 21 desta Ordenanza.

CAPÍTULO V. Actuacións e procedementos de xestión tributaria.

Artigo 46. A xestión tributaria.

1.- As actuacións e o exercicio das funcións propias da xestión tributaria, nos termos sinalados na Lei Xeral Tributaria, realizaranse de acordo co establecido en dita lei, coas especialidades propias do ámbito local contempladas na normativa tributaria local e nesta ordenanza.

2.- Competencias:

- 2.1.- A xestión de tributos e demais ingresos de dereito público será dirixida, baixo a superior competencia do Pleno corporativo, polo Alcalde, ao cal lle corresponde ditar os actos administrativos no exercicio das facultades de xestión contidas neste título, salvo naqueles casos que polas normas de carácter xeral ou ordenanzas reguladoras se lle atribúa a competencia a outro órgano.
- 2.2.- As actuacións derivadas do exercicio das funcións de xestión tributaria do Concello levaraa a cabo o Servizo de Xestión Tributaria, baixo a superior dirección do tesoureiro, sempre que o Pleno non dispoña o contrario, a través da relación de postos de traballo.
- 2.3.- Son competencia do Alcalde, en materia de xestión tributaria, as seguintes materias:
 - a) Dirixir, inspeccionar e impulsar o Servizo de Xestión Tributaria.
 - b) Aprobar os padróns ou matriculas dos tributos e demais ingresos de cobranza periódica - contraído previo, ingreso por recibo -.
 - c) Aprobar as liquidacións relativas a tributos e demais ingresos de dereito público de cobranza non periódica - contraído previo, ingreso directo -.
 - d) Concesión de beneficios fiscais, previstos expresamente nas normas de xeral aplicación.
 - e) Modificar a forma de exacción das liquidacións tributarias ou de prezos públicos, a condición de que a nova forma de exacción figure dentro das dispostas na ordenanza reguladora do tributo ou prezo público.



FIRMANTE - FECHA





- f) Por proposta motivada da Tesoureiría, despois do informe da Intervención, dispor a non liquidación ou, no seu caso, a anulación e baixa en contabilidade de todas aquelas liquidacións das que resulten débedas inferiores á contía que fixe como insuficiente para a cobertura do custo que a súa exacción e recadación representan.
- g) Os demais que lle atribúan as leis, a presente ordenanza xeral e o resto das ordenanzas reguladoras.
- h) Todas as que, non recollidas neste artigo, se sinalen na Lei Xeral Tributaria e no Regulamento xeral de actuacións e procedementos de xestión e inspección tributaria e de desenvolvemento das normas comúns aos procedementos de aplicación dos tributos, nas súas normas de desenvolvemento e nas demais disposicións aplicables sobre a materia, como competencia do xefe de departamento de xestión tributaria da Axencia Estatal de Administración Tributaria ou do órgano ao que se lle adscriban no futuro, e non estean atribuídas a outro órgano na presente Ordenanza Fiscal Xeral.

2.4.- Son competencias do tesoureiro do Concello en materia de xestión tributaria, as seguintes:

- a) Dirixir a xestión dos tributos e ditar as instrucións que sexan necesarias para o desenvolvemento das normas xerais aprobadas pola Alcaldía.
- b) Propor á Alcaldía a aprobación de normas xerais de organización e procedemento necesarias para o funcionamento do Servizo de Xestión Tributaria, logo do informe da Intervención municipal.

3.- Aprobación de padróns:

- 3.1.- Os padróns fiscais, elaborados polo Servizo de Xestión Tributaria, serán aprobados polo Alcalde.
- 3.2.- Os padróns serán obxecto de fiscalización pola Intervención do Concello. O procedemento de fiscalización que se seguirá axustarase ao establecido na normativa aplicable e nas Bases de Execución do Orzamento para cada exercicio.

4.- Liquidacións de ingreso directo: A súa aprobación compéttelle á Alcaldía, a proposta do Servizo de Xestión Tributaria, coa fiscalización da Intervención, de acordo cos procedementos establecidos na normativa aplicable e nas Bases de Execución do Orzamento.

CAPÍTULO VI. Actuacións e procedementos de inspección.

Artigo 47. A Inspección dos tributos

1.- A Administración tributaria municipal leva a cabo as actuacións de comprobación e, no seu caso, investigación da situación tributaria dos diferentes obrigados tributarios por calquera dos tributos que integran o sistema tributario local.

2.- No exercicio da inspección dos tributos lle corresponde realizar as funcións que recolle o artigo 141 da Lei Xeral Tributaria.

3.- Cando as actuacións inspectoras o requiran, os funcionarios que desenvolvan funcións de inspección dos tributos poderán entrar nas fincas, locais de negocio e demais establecementos ou lugares nos que se realicen actividades ou explotacións sometidas a gravame, existan bens suxeitos a tributación, se produzan feitos impondibles ou supostos de feito das obrigas tributarias, ou exista algunha proba dos mesmos.

Se a persoa que ten baixo a súa custodia os lugares mencionados no parágrafo anterior se opuxera á entrada dos funcionarios da Inspección dos Tributos, precisarase a autorización escrita do Alcalde.

4.- Se os órganos de inspección constatan no curso das súas actuacións que os obrigados tributarios son responsables de feitos constitutivos de infraccións tributarias, aplicarán o réxime sancionador establecido na Lei Xeral Tributaria e nas disposicións que a desenvolven, especialmente o Regulamento Xeral do Réxime Sancionador Tributario, na medida que sexa de aplicación.

5.- Os funcionarios que desempeñen funcións de inspección serán considerados axentes da autoridade e deberán acreditar a súa condición, se son requiridos para elo, fora das oficinas públicas.

As autoridades públicas prestarán a protección e o auxilio necesario aos funcionarios para o exercicio das funcións de inspección.

6.- O exercicio das funcións propias da Inspección Tributaria adecuaranse ós correspondentes plans de actuacións inspectoras, autorizados pola Alcaldía.

7.- Son competencias do Alcalde, en materia de Inspección Tributaria, as seguintes:





- a) Aprobación dos carnés de identidade do persoal inspector.
- b) A autorización dos plans da Inspección.
- c) A solicitude á autoridade xudicial para entrar no domicilio dos obrigados tributarios.
- d) A autorización, no seu caso, para a entrada nos lugares a que se refire o artigo 142.2 da Lei xeral tributaria.
- e) A ratificación das medidas cautelares adoptadas no procedemento inspector.
- f) A autorización para a sinatura de actas con acordo.
- g) Aprobación das resolucións derivadas das actuacións e do procedemento.

8.- Correspóndelle ó tesoureiro a superior dirección inspección dos tributos, sempre que o Pleno non dispoña o contrario, a través da relación de postos de traballo. Corresponderalle, en particular:

- a) Ditar as instrucións que sexan necesarias para o desenvolvemento das normas xerais aprobadas polo Alcaldía.
- b) Proponer á Alcaldía a aprobación das normas xerais de organización e procedemento necesarias para o funcionamento da Unidade de Inspección de Tributos Locais, previo informe da Intervención municipal.

CAPÍTULO VII. Actuacións e procedementos de recadación.

Artigo 48. Órganos de xestión recadatoria.

1.- A Tesoureiría municipal leva a cabo a xestión recadatoria dos tributos e doutros ingresos de dereito público do Concello de Riveira.

2.- Son colaboradores do servizo de recadación as Entidades financeiras autorizadas para a apertura de contas restrinxidas de recadación.

3.- Os pagos de tributos periódicos que sexan obxecto de notificación colectiva, os pagos de liquidacións notificadas individualmente, así como os que resulten de autoliquidacións practicadas polos propios obrigados tributarios deberán realizarse en calquera das Entidades colaboradoras do servizo de recadación.

4.- Competencias:

4.1.- Correspóndelle ao Pleno da Corporación, en materia de recadación, as seguintes competencias:

- a) Presentar tercerías de mellor dereito, cando nos rexistros públicos existan anotacións de embargo ou consten dereitos inscritos por terceiros, con anterioridade á anotación solicitada polos Servizos municipais de Recadación sobre os mesmos bens.
- b) Adoptar acordos ou convenios en procedementos concursais.
- c) As demais competencias que na Lei Xeral Tributaria e no Regulamento Xeral de Recadación, nas súas normas de desenvolvemento e demais disposicións aplicables sobre a materia, se sinalen como de órganos estatais superiores en rango á Dirección do Departamento de Recadación da Axencia Estatal de Administración Tributaria e ó Director Xeral do Tesouro e Política Financeira do Ministerio de Economía e Facenda, ou órganos aos que se adscriban nun futuro as súas competencias.
- d) As que expresamente lle confiran as leis.

4.2.- Correspóndenlle ó Alcalde as seguintes competencias:

- a) Restablecer o imperio da lei nos procedementos de prema, decretando a nulidade das actuacións posteriores ao momento en que se cometeu a infracción.
- b) Ditar actos ou resolucións de xestión recadatoria cando estes non estean atribuídos expresamente a outro órgano.
- c) Establecer e modificar os períodos de ingreso das débedas de acordo co que se determine respecto diso na lexislación vixente.
- d) Establecer contías mínimas para liquidar ou esixir os xuros legais ou de mora e as recargas do período executivo e para recadar débedas polo procedemento administrativo de prema.
- e) Ditar os actos administrativos de declaración de responsabilidade no pago de débedas.
- f) Presentar tercerías de mellor dereito, en situacións de urxencia, cando nos rexistros públicos existan anotacións de embargo ou consten dereitos inscritos por terceiros, con anterioridade á anotación solicitada polo Servizo Central de Recadación sobre os mesmos bens, dando conta ó Pleno na primeira sesión que celebre.
- g) Aceptar ou acordar a constitución de hipoteca especial.
- h) Outorgar a autorización como entidades colaboradoras ás entidades de depósito.
- i) Resolver as solicitudes de fraccionamento e aprazamento, e eximir, excepcionalmente, a constitución de garantías.
- j) Declarar a prescrición de débedas.
- k) Acordar a compensación de débedas.





CONCELLO
DE
RIBEIRA
(A CORUÑA)

Declarado Municipio Turístico Galego

- l) Acordar a declaración de insolvencias e de créditos incobrables, así como a súa rehabilitación.
- m) Formular conflitos de xurisdición.
- n) Declarar a responsabilidade solidaria do depositario de bens embargados.
- o) Autorizar a venda de bens por concurso.
- p) Outorgar escrituras de venda de inmobles que resulten alleados como consecuencia do procedemento de prema, e resolver as tercerías en reclamacións en vía administrativa.
- q) Resolver as reclamacións de queixa contra defectos de tramitación dos órganos e axentes no exercicio da función recadatoria, tales como incumprimentos, atrasos e outras anomalías.
- r) Aprobar a adxudicación de bens á administración, cando cumpra.
- s) Acordar, por proposta do tesoureiro, que se encarguen da execución material das poxas empresas ou profesionais especializados.
- t) Aprobar as normas xerais de organización e funcionamento do Servizo de Recadación.
- u) Incoar, tramitar e resolver os expedientes de responsabilidade contable nos supostos expresados nos artigos 15.4 e 177 da Lei 47/2003, do 26 de novembro, xeral orzamentaria e levar a cabo cantas actuacións requiran a súa instrución.
- v) Incoar, tramitar e resolver os expedientes disciplinarios do persoal recadador.
- w) Por proposta motivada da Tesourería, despois do informe da Intervención, establecer límites nas débedas constrinxibles e límites mínimos por expediente para a realización de cada unha das actuacións de embargo.
- x) Todas as que, non estean recollidas neste apartado, sinaladas na Lei Xeral Tributaria e no Regulamento Xeral de Recadación, nas súas normas de desenvolvemento e nas demais disposicións aplicables sobre a materia, ditadas polo director do Departamento de Recadación da Axencia Estatal de Administración Tributaria e polo director xeral do Tesouro e Política Financeira do Ministerio de Economía e Facenda ou polos órganos aos que se adscriban nun futuro as súas competencias.

4.3.- Correspóndenlle ao tesoureiro a superior dirección da Área de Tesourería e Xestión de Tributos, en todo o referente á recadación de tributos, e, en concreto:

- a) Dirixir a xestión recadatoria e ditar as instrucións que sexan necesarias en desenvolvemento das normas xerais aprobadas pola Alcaldía.
- b) Proponerle á Alcaldía a aprobación de normas xerais de organización e procedemento necesarias para o funcionamento do Servizo de Recadación, logo do informe da Intervención municipal.
- c) Elaborar e autorizar os edictos anunciando os períodos de cobranza.
- d) Autorizar os pregos de cargo ás unidades administrativas encargadas da súa xestión.
- e) Expedir certificacións acreditativas de pago.
- f) Ditar o providencia de constrinximento e resolver os recursos e reclamacións que se presenten contra o devandito acto.
- g) Ditar as medidas cautelares precisas para evitar actuacións do debedor que impidan o pago.
- h) Expedir os mandamentos de anotación preventiva de embargo de bens nos rexistros públicos.
- i) Solicitar e recibir información de xulgados e tribunais sobre procedementos que poidan afectar a dereitos da Facenda Pública local.
- j) Admitir e controlar os ingresos que se produzan.
- k) Acordar a acumulación e separación de débedas nos expedientes executivos.
- l) Proponer a execución de garantías e proceder ao embargo preventivo, se aquelas foran insuficientes.
- m) Solicitar información sobre os bens que se van embargar.
- n) Practicar a dilixencia de embargo.
- o) Proceder ao precintado e aqueloutras medidas necesarias para evitar a substitución ou levantamento de bens embargados.
- p) A valoración dos bens embargados, solicitando a colaboración necesaria, se fose preciso, dos servizos técnicos do Concello, así como solicitar a realización de peritacións por expertos externos, cando as circunstancias o aconsellen.
- q) Requirir os títulos de propiedade aos rexistros públicos.
- r) Levantar o embargo de bens non alleados, unha vez cuberta a débeda.
- s) Anotar no Rexistro Mercantil, a declaración de créditos incobrables correspondentes a persoas físicas ou xurídicas inscritas neste.
- t) Solicitar á Alcaldía a imposición de sancións por incumprimento das peticións de información para o embargo de bens.
- u) Ordenar o alleamento de títulos valores, públicos ou privados, e dos xéneros embargados.
- v) Nomear ao depositario dos bens embargados con funcións de administrador.
- w) Designar o lugar de depósito dos bens embargados.
- x) Autorizar o alleamento mediante poxa dos bens embargados.
- y) Presidir a mesa das poxas.
- z) Proponerle ó Alcalde que encargue a execución material das poxas a empresas privadas ou a profesionais especializados.
- aa) Ditar a providencia para a adxudicación directa dos bens ou dereitos embargados.



FIRMANTE - FECHA





- bb) Informar dos expedientes motivados por denuncias, queixas ou reclamacións presentadas polos interesados contra o persoal do Servizo de Recadación, proponendo a adopción das medidas sancionadoras ou correctoras que correspondan.
- cc) Instruír as dilixencias preceptivas nos expedientes de alcance que se poidan producir na xestión das unidades administrativas de Recadación.
- dd) Formular as propostas de resolución nos expedientes de xestión recadatoria que teñan que ser resoltos pola Alcaldía.
- ee) Acordar a execución de garantías cando sexa necesario para a súa realización ou alleamento.
- ff) Regular e vixiar a actuación das entidades de depósito colaboradoras da recadación.
- gg) Comprobar que as débedas son ingresadas nos prazos regulamentariamente establecidos e esixir o cumprimento dos preceptos que regulan a dita xestión, e vixiar a correcta aplicación das normas sobre liquidación de xuros de mora por falta de pago das débedas en período voluntario.
- hh) Velar polo cumprimento das normas en materia de rendición dos estados demostrativos da xestión recadatoria.
- ii) Remitir á Intervención os resumos e documentos contables resultantes da xestión recadatoria, para a súa fiscalización e contabilización.
- jj) Presentar o informe ou a memoria anual sobre o desenvolvemento da xestión recadatoria.
- kk) Levar o rexistro xeral de insolvencias.
- ll) Todas as que, non indicadas neste apartado, se sinalen no Regulamento Xeral de Recadación, nas súas normas de desenvolvemento e nas demais disposicións aplicables sobre a materia, como do xefe da Dependencia de Recadación e subordinados ou do órgano ao que se lle adscriban nun futuro as súas competencias, e non se atribúan nesta ordenanza a outros órganos.

Artigo 49. Recadación das débedas. Prazos de ingreso

1.- A recadación das débedas tributarias e das sancións tributarias poderá realizarse en período voluntario ou en período executivo.

2.- Os prazos de ingreso consonte o disposto no artigo 62 da Lei xeral tributaria son:

a) Para as débedas resultantes de liquidacións practicadas pola Administración, o pago en período voluntario deberá facerse nos seguintes prazos:

- a.1.- Se a notificación da liquidación se realiza entre os días 1 e 15 de cada mes, desde a data de recepción da notificación ata o día 20 do mes posterior ou, se este non fora hábil, ata o inmediato hábil seguinte.
- a.2.- Se a notificación da liquidación se realiza entre os días 16 e último de cada mes, desde a data de recepción da notificación ata o día cinco do segundo mes posterior ou, se este non fora hábil, ata o inmediato hábil seguinte.

b) Para as débedas correspondentes a tributos periódicos que son obxecto de notificación colectiva, que non teñan establecido outro prazo nas súas normas reguladoras, ou na presente Ordenanza xeral: Do 1 de outubro ao 30 de novembro.

c) Para as débedas non tributarias: Nos prazos que determinen as normas ou acordos consonte cos que ditas débedas se esixen, e, no seu defecto, nos prazos establecidos nos apartados a), ou b), segundo os casos.

d) Para as débedas resultantes de autoliquidacións-débedas liquidadas polo propio obrigado tributario: deberán pagarse nos prazos que sinalan as normas reguladoras de cada tributo.

e) Unha vez iniciado o período executivo e notificada a providencia de constrinximento, o pago da débeda tributaria deberá efectuarse nos seguintes prazos:

- e.1.- Se a notificación da providencia se realiza entre os días 1 e 15 de cada mes, desde a data de recepción da notificación ata o día 20 de dito mes ou, se este non fora hábil, ata o inmediato hábil seguinte.
- e.2.- Se a notificación da providencia se realiza entre os días 16 e último de cada mes, desde a data de recepción da notificación ata o día cinco do mes seguinte ou, se este non fora hábil, ata o inmediato hábil seguinte.

Artigo 50. Execución forzosa

1.- Cando a contía total da débeda dun contribuínte sexa superior a 600 euros, ademais das actuacións de embargamento previstas con carácter obrigatorio nas letras b) e c) do apartado 2 do artigo 31, poderase ordenar o embargo dos restantes bens e dereitos aos que se refire o artigo 169 da Lei Xeral Tributaria, preservando a orde establecida no citado precepto.





2.- Previa solicitude do debedor poderase alterar a orde de embargo sempre que os bens que designe garantan coa mesma eficacia o cobro da débeda que aqueles outros bens que preferentemente deban ser trabados.

3.- A Administración tributaria municipal e o obrigado tributario poderán acordar unha orde de embargo de bens e dereitos diferente ao establecido no artigo 169 da Lei Xeral Tributaria.

4.- Embargaranse os bens dos debedores tendo en conta a facilidade na súa execución e que sexa menos oneroso para o debedor.

Artigo 51. Custas do procedemento

1.- Terán a consideración de custas do procedemento aqueles gastos que se orixinen durante o proceso de execución forzosa. As custas serán a cargo do debedor a quen lle serán esixidas.

2.- Como custas do procedemento estarán comprendidas, entre outras, as seguintes:

- Os gastos orixinados polas notificacións que de maneira imprescindible teñan que realizarse no procedemento administrativo de constrinximento.
- Os honorarios de empresas e profesionais, alleos á Administración, que interveñan na valoración dos bens trabados.
- Os honorarios dos rexistradores e outros gastos que se abonen polas actuacións nos rexistros públicos.
- Os gastos motivados polo depósito e administración dos bens embargados.
- Os demais gastos que esixe a propia execución.

Artigo 52. Anuncios e mesa de poxa. Particularidades

1.- A mesa da poxa de bens estará integrada polo Tesoureiro, que será o Presidente, polo Secretario Xeral do Concello, que será o Secretario, e por un vocal que será o Interventor. Todos poderán ser substituídos.

2.- Os anuncios de poxa de bens publicaranse no Boletín Oficial da Provincia, no Taboleiro de Anuncios do Concello, na web municipal e optativamente, cando a natureza e valoración do ben o aconselle, mediante anuncios nos medios de comunicación de gran difusión e en publicacións especializadas, ou en calquera outro medio oportuno ao efecto.

Os anuncios de poxa de bens publicaranse no Boletín Oficial da comunidade Autónoma de Galicia e do Estado, cando o tipo de poxa exceda da cifra de 600.000 euros.

3.- Todo licitador, para ser admitido como tal, constituirá un depósito en metálico ou cheque conformado a favor do Concello de Riveira de cando menos un 20% do tipo da poxa, agás que a Mesa de poxa, de forma motivada, o reduza ao 10%.

4.- Se a poxa é de bens inmoables e o tipo excede de 250.000 euros, o adxudicatario poderá exercitar a opción prevista no artigo 111 do Regulamento Xeral de Recadación e efectuar o pago do prezo do remate o mesmo día no que se produza o outorgamento da escritura pública de venda, debendo comunicar ó

resultar adxudicatario o seu desexo de acollerse a esta forma de pago, podendo condicionar a Mesa de poxa esta opción á constitución dun depósito adicional no prazo improrrogable de dez días.

TÍTULO IV. A REVISIÓN EN VÍA ADMINISTRATIVA.

CAPÍTULO I. A revisión en vía administrativa.

JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 18/03/2021	MANUEL RUIZ RIVAS-ALCALDE PRESIDENTE - 18/03/2021	Fecha: 18/03/2021
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 18/03/2021 13:23:46		Hora: 13:19





e) Disponer de los conocimientos necesarios para obtener la calificación de radiofonista, acreditados mediante habilitación anotada en una licencia de piloto o certificación emitida por una organización de formación aprobada (ATO) o escuela de ultraligeros.

2. Sin perjuicio de la responsabilidad del piloto, el Cuerpo de Policía Local y GRUPO DE EMERGENCIAS MUNICIPAL de RIBEIRA es responsable del cumplimiento de los requisitos previstos en este capítulo por los pilotos de las aeronaves operadas por ellos.

Artículo 15. Justificación de los conocimientos teóricos.

Los conocimientos teóricos exigibles a los pilotos remotos quedarán justificados por cualquiera de los siguientes medios:

a) Ser o haber sido titulares del título de piloto, incluyendo la licencia de piloto de ultraligero, emitida conforme a la normativa vigente y no haber sido desposeídos de la misma en virtud de un procedimiento sancionador, o acreditar, de forma fehaciente, que se dispone de los conocimientos teóricos necesarios para la obtención de cualquier licencia de piloto, incluyendo la de piloto de ultraligero.

b) Para las aeronaves de masa máxima al despegue no superior a 25 kg, disponer de un certificado avanzado para el pilotaje de aeronaves pilotadas por control remoto, emitido por una organización de formación.

Artículo 16. Certificados médicos.

Los pilotos que operen aeronaves de hasta 25 kg de masa máxima al despegue deberán ser titulares, como mínimo, de un certificado médico que se ajuste a lo previsto en el apartado MED.B.095 del anexo IV, Parte MED, del Reglamento (UE) n.º 1178/2011 de la Comisión, de 3 de noviembre de 2011, en relación a los certificados médicos para la licencia de piloto de aeronave ligera (LAPL).

Los pilotos que operen aeronaves de una masa máxima al despegue superior a 25 kg deberán ser titulares como mínimo de un certificado médico de clase 2, que se ajuste a los requisitos establecidos por la sección 2, de la subparte B, del anexo IV, parte MED, del mencionado Reglamento (UE) n.º 1178/2011, de la Comisión, o alternativamente, ser titulares como mínimo de un certificado médico de clase 3, que se ajuste a los requisitos establecidos por la Sección 2 de la subparte B del anexo IV, parte ATCO-MED, del Reglamento (UE) 2015/340 de la Comisión, de 20 de febrero de 2015, por el que se establecen requisitos técnicos y procedimientos administrativos relativos a las licencias y los certificados de los controladores de tránsito aéreo. El certificado deberá haber sido emitido por un centro médico aeronáutico o un médico examinador aéreo autorizado.

Artículo 17. Mantenimiento de la aptitud de piloto remoto.

Para el mantenimiento de competencia práctica, conforme a lo previsto en el artículo 33.1, letra d), los pilotos que operen RPAS habrán de ejercer sus funciones de forma regular, de manera que en los últimos 3 meses se hayan realizado al menos 3 vuelos en cada categoría de aeronave en que se pretendan realizar operaciones, sean dichos vuelos de operación normal o específicos de entrenamiento.

Parte de esa actividad podrá realizarse en sistemas sintéticos de entrenamiento. Además, se deberá realizar un entrenamiento anual específico en cada categoría de aeronave y para cada una de las actividades que se vayan a realizar. Para acreditar el cumplimiento de todo lo anterior, el piloto llevará un libro de vuelo en que se anotarán las actividades de vuelo y entrenamiento realizadas. Este libro de vuelo será supervisado por el responsable designado a tal efecto por la Jefatura del RIBEIRA.

Artículo 18. Observadores.

Los observadores que apoyen a los pilotos en vuelos E-VLOS deberán acreditar todos los requisitos exigidos a los pilotos remotos en el presente reglamento.

Disposición final única:

El presente reglamento entrará en vigor al día siguiente de la publicación del texto íntegro en el Boletín Oficial de la Provincia de A Coruña.

SEGUNDO.- Someter el acuerdo adoptado a información pública y audiencia de los interesados, con publicación en el Boletín Oficial de la Provincia de A Coruña y Tablón Electrónico del Ayuntamiento por el plazo de treinta días para que puedan presentar reclamaciones o sugerencias, que serán resueltas por la Corporación.



FIRMANTE - FECHA		DOCUMENTO: 20210650777
JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 18/03/2021	MANUEL RUIZ RIVAS-ALCALDE PRESIDENTE - 18/03/2021	Fecha: 18/03/2021
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 18/03/2021 13:23:46		Hora: 13:19





TERCERO.- Publicar el texto de esta versión inicial en el Portal de Transparencia del Ayuntamiento de RIBEIRA de conformidad con lo señalado en la Ley 1/2016, de 18 de enero, de transparencia y buen gobierno de Galicia

CUARTO.- El plazo de presentación de reclamaciones empezará a contar a partir del día siguiente de la publicación del anuncio en el Boletín Oficial de la Provincia de A Coruña. De no presentarse reclamaciones o sugerencias en el mencionado plazo, se considerará aprobada definitivamente sin necesidad de acuerdo expreso por el Pleno.

Contra el acuerdo de aprobación definitiva podrá interponerse recurso contencioso-administrativo ante la Sala de lo Contencioso-Administrativo del Tribunal Superior de Justicia, en el plazo de dos meses contados desde el día siguiente al de la publicación en el Boletín Oficial de la Provincia de A Coruña de acuerdo con lo establecido en los artículos 112.3 de la Ley 39/2015, de 1 de octubre, del Procedimiento Administrativo Común de las Administraciones Públicas -LPACAP- y 10.b) y 46 de la Ley 29/1998, de 13 de julio, Reguladora de la Jurisdicción Contencioso-Administrativa -LJCA-; y ello sin perjuicio de que los interesados puedan interponer cualquier otro recurso que sea procedente y estimen oportuno.

QUINTO.- Facultar al Sr. Alcalde-Presidente tan ampliamente como en Derecho sea posible y para que suscriba cuantos documentos considere necesarios en ejecución del presente acuerdo.”

Enterados/as os/as Sres/as concelleiros/as do contido do ditame, rematadas as **intervencións** nos termos que obran no **archivo audiovisual** que incorpórase á presente acta como parte integrante da mesma en cumprimento do disposto no DECRETO 24/2018, DE 15 DE FEBREIRO, DA VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓN PÚBLICAS E XUSTIZA, SOBRE OS LIBROS DE ACTAS E RESOLUCIÓN DAS ENTIDADES LOCAIS GALEGAS, sómetese a votación ordinaria o ditame transcrito da Comisión Informativa de Movilidade e Seguriadade Cidadá de data 15 de febreiro de 2021, co seguinte resultado:

-VOTOS A FAVOR: 20 (9 PP, 7 PBBI, 2 Ps de G-Psoe, 2 BNG)

-VOTOS EN CONTRA: 0

-ABSTENCIÓNS: 1 Mixto-Suma Ribeira

Polo que o Pleno da Corporación acorda por **maioría absoluta** do seu número legal aprobalo ditame transcrito da Comisión Informativa de Movilidade e Seguriadade Cidadá de data 15 de febreiro de 2021, sobre **APROBACIÓN INICIAL, SE PROCEDE, REGULAMENTO DE USO DE AERONAVES PILOTADAS POR CONTROL REMOTO POLO CORPO DE POLICIA LOCAL E GRUPO DE EMERXENCIAS MUNICIPAL**, quedando convertido en acordo en todos os seus termos.





4.- DESAFECTACIÓN E POSTERIOR CESIÓN GRATUÍTA DE 96,19 M2 PARA A CONSTRUCCIÓN DA COMISARÍA LOCAL DE POLICÍA NACIONAL.

Dase conta e lectura ao Pleno da Corporación dun ditame da Comisión Informativa de Facenda Economía, Patrimonio e Especial de Contas de data 15 de febreiro de 2021, sobre proposta de Alcaldía de data e que é do seguinte tenor literal:

PRIMEIRO.- *Alterar a cualificación xurídica do ben que se refire a continuación, dasafectándoo do dominio público, quedando cualificado como ben patrimonial ou de propios:*

- *Parcela dunha superficie de 96,19 m2 a segregar da parcela número seis, destinada a equipamento, cun aproveitamento edificable de 1m2/1m2, do Proxecto de Compensación da Área de Reparto do Solo Urbanizable (S.U.Z. 4) denominado "FONTAN", sita no lugar de Fontán (O Touro), neste municipio de Ribeira, inscrita co número 28.820 do Rexistro da Propiedade de Noia, e que presentaría os seguintes lindeiros: Norte, parcela número 04 destinada a vial; Sur, parcela número 6-bis, cedida á Xerencia de Infraestruturas e Equipamento da Seguridade do Estado para a construción dunha Comisaría do Corpo Nacional de Policía; Este, resto de finca matriz; e Oeste, parcela número 6-bis, cedida á Xerencia de Infraestruturas e Equipamento da Seguridade do Estado para a construción dunha Comisaría do Corpo Nacional de Policía.*

SEGUNDO.- *Declarar a innecesariedade da licenza de segregación da parcela antes referida para a súa posterior cesión gratuíta para a execución da Comisaría de Policía Nacional. Tras a segregación, a finca matriz diminúe a súa superficie en 96,19 m2, quedando unha finca de 1.024,64 metros cadrados.*

TERCEIRO.- *Incluír o mencionado ben no Inventario de Bens e Dereitos, co carácter de patrimonial ou ben de propios. Así mesmo, deberá procederse á súa inscrición no Rexistro da Propiedade co carácter de patrimonial ou de propios.*

CUARTO.- *Ceder ao O.A. Gerencia de Infraestructuras y Equipamiento de la Seguridad del Estado, da Secretaría de Estado de Seguridad do Ministerio del Interior a parcela da superficie de 96,19 m2 antes descrita, para a súa agrupación á parcela de 200,74 m2 cedida ao citado organismo por acordo do Pleno da Corporación de data 26/05/2008, co fin de construír a nova Comisaría de Policía Nacional.*

A citada cesión realizase coas mesmas condicións xa recollidas no acordo plenario de data 26/05/2008 e posteriores acordos adoptados polo pleno nas datas 26/07/2011, 27/01/2014, 29/02/2016 e 29/01/2018 en relación coa prórroga do prazo de execución da mencionada infraestrutura.

QUINTO.- *Facultar ao Sr. Alcalde tan amplamente como en Dereito sexa posible e necesario para formalizar a segregación e posterior cesión gratuíta do terreo mencionado, tanto en escritura pública como en documento administrativo de ser o caso.*

SEXTO.- *Dar conta da cesión ao órgano competente da Comunidade Autónoma conforme ao artigo 109.2 do RB".*

Enterados/as os/as Sres/as concelleiros/as do contido do ditame, rematadas as **intervencións** nos termos que obran no **arquivo audiovisual** que





incorpórase á presente acta como parte integrante da mesma en cumprimento do disposto no DECRETO 24/2018, DE 15 DE FEBREIRO, DA VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓN PÚBLICAS E XUSTIZA, SOBRE OS LIBROS DE ACTAS E RESOLUCIÓN DAS ENTIDADES LOCAIS GALEGAS, sómese a votación ordinaria o ditame transcrito da Comisión Informativa de Facenda Economía, Patrimonio e Especial de Contas de data 15 de febreiro de 2021, co seguinte resultado:

-VOTOS A FAVOR: 21 (9 PP, 7 PBBI, 2 Ps de G-Psoe, 2 BNG, 1 Mixto-Suma Ribeira)

-VOTOS EN CONTRA: 0

-ABSTENCIÓNS: 0

Polo que o Pleno da Corporación acorda por **unanimidade** dos seus vinteun membros de dereito aprobalo ditame transcrito da Comisión Informativa de Facenda Economía, Patrimonio e Especial de Contas de data 15 de febreiro de 2021, sobre **DESAFECTACIÓN E POSTERIOR CESIÓN GRATUÍTA DE 96,19 M2 PARA A CONSTRUCCIÓN DA COMISARÍA LOCAL DE POLICÍA NACIONAL**, quedando convertido en acordo en todos os seus termos.

5.-RECTIFICACIÓN INVENTARIO DE BENS A DATA 30 DE DECEMBRO DE 2020.

Dase conta e lectura ao Pleno da Corporación dun ditame da Comisión Informativa de Facenda Economía, Patrimonio e Especial de Contas de data 15 de febreiro de 2021, sobre proposta de Alcaldía de data e que é do seguinte tenor literal:

“VISTO o expediente incoado para a rectificación anual do Inventario de Bens e Dereitos do Concello de Ribeira referida a 31 de decembro de 2020.

VISTO que o Pleno da Corporación Municipal, en sesión celebrada na data 26/02/2018, aprobou definitivamente o Inventario de Bens e Dereitos do Concello de Ribeira.

VISTO que despois da data da súa aprobación definitiva, foron tramitados unha serie de expedientes e adoptados os correspondentes acordos que implican alteracións no patrimonio municipal durante os exercicios dos anos 2018 e 2019, cuxas rectificacións, a 31 de decembro de 2018 e a 31 de decembro de 2019, foron aprobadas por acordos plenarios de datas 28/01/2019 e 27/02/2020, respectivamente.

VISTO que así mesmo, e durante o ano 2020, constan presentados os seguintes escritos en relación ao asunto que nos ocupa:

- Escrito presentado por D^a Manuela Sobrido Bretal, rexistrado de entrada na data 13/09/2020 co número 11.432, no que solicita: “... se incoe o expediente para





CONCELLO
DE
RIBEIRA
(A CORUÑA)

Declarado Municipio Turístico Galego

aprobar a rectificación do inventario dos bens e dereitos do Concello de Ribeira, e se rectifique o erro do que adoece ao constar incluído no mesmo como un ben de titularidade pública a parcela con referencia catastral 15074A043090290000KR (Polígono 43, Parcela 9029) denominada "CAMIÑO AGRA DE PENSO" e cualificada como "Vía de comunicación de dominio público" xa que a devandita parcela catastral non é de titularidade pública nin está destinada a vía de comunicación de dominio público. Unha vez feita esta rectificación no catálogo de camiños, procede instar as oportunas rectificacións no Catastro a fin de evitar futuros erros."

- *Escrito presentado por D. José Manuel Vilas Álvarez, en calidade de Concelleiro-Voceiro do Grupo Municipal do PSdeG-PSOE Ribeira, no que solicita a inclusión dos Bens e Dereitos relacionados a continuación, previa verificación da súa natureza pública, no Inventario Municipal de Bens e Dereitos do Concello de Ribeira; así como a súa habilitación para uso e dominio público:*

Orde	Denominación	Situación	Motivo da súa inclusión no Inventario
1º (172)	Fonte do Barreiro	Barreiro-Artes Polígono 1	Fonte veciñal antiga, existente actualmente. Camiño público 9004 (parcela 399).
2º (173)	Camiño de Fafián a Frións 9018	Bouzas-Carreira Polígono 8	Camiño veciñal pavimentado en formigón (parte) que une a rúa 1 Cubeliño, e a Rúa Fdez Bermúdez.
3º (174)	Camiño de Sancortes a Canabeiro-Xenxides	Xenxides-Oleiros Polígono 41	Camiño veciñal pavimentado en parte, situado entre os lugares mentados. Camiños 9015-9013.
4º (175)	Camiño público Campos da Cobasa	Campos da Cobasa-Aguiño Parcelas 1013-463-465	Camiño de natureza pública encasillado entre muros de cachotería en seco de pedra, entre a rúa do Porto Fenicio e o novo paseo litoral da Cobasa.
5º (176)	Fonte de auga no Parque Natural	O Vilar-Carreira Polígono 13	Fonte veciñal adecentada polo concello nos anos 80, no acceso e arredores da praia do Vilar (P-1296).
6º (177)	Camiño Público 9001 Polígono 17 (continuar)	Fafián-Ribeira (Os Túneles)	Tramo de 110 metros ata o Camiño das Sarreiras. (Antiga estrada a Carreira). Parcela 129.
7º (178)	Travesía peonil Queiro	O Queiro. Ribeira	Camiño de pés entre a rúa do Cruceiro e a rúa da Carroucha. 25 metros lineais. Parcela A3.
8º (179)	Fonte da Mámoa-Cubelo Parcela 135- Polígono 9	Mámoa-Carreira	Acceso peonil entre as fincas 37 e 34, do polígono 9. Situada na parcela 135 do polígono 9.
9º (180)	Travesía peonil Cruceiro	Rúa do Cruceiro	Camiño de pés pavimentado, entre a rúa Cruceiro, nº 28-rúa Carroucha.

VISTO que por Providencia da Alcaldía de data 26/01/2021 ordénase dar traslado da mesma á Secretaría e Intervención Municipal, a fin de que, previos os trámites oportunos e informes pertinentes, se proceda á aprobación polo órgano competente da rectificación



FIRMANTE - FECHA





CONCELLO
DE
RIBEIRA
(A CORUÑA)

Declarado Municipio Turístico Galego

anual do Inventario de Bens e Dereitos do Concello de Ribeira, referida a 31 de decembro de 2020.

CONSIDERANDO que os artigos 86 do Real Decreto Lexislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local, e 278 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, dispoñen que as Entidades locais están obrigadas a formar inventario valorado de todos os bens e dereitos que lles pertencen, do que se remitirá copia ás Administracións do Estado e da Comunidade Autónoma e que se rectificará anualmente, comprobándose sempre que se renove a Corporación.

CONSIDERANDO que no mesmo sentido, o artigo 33 do Real Decreto 1372/1986, do 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de Bens das Entidades Locais (no sucesivo RB), dispón que a rectificación do inventario verifícase anualmente, e nela reflectiranse as vicisitudes de toda índole dos bens e dereitos durante esa etapa.

CONSIDERANDO que de conformidade co disposto no artigo 34 do RB, o Pleno da Corporación será o órgano competente para acordar a aprobación do inventario xa formado, a súa rectificación e comprobación.

Non se necesita unha maioría cualificada, bastando o quórum da maioría simple (artigo 47.1 da Lei 7/1985, do 02 de abril, reguladora das bases do réxime local).

CONSIDERANDO que procede, pois, rectificar o Inventario de Bens recolléndose as variacións producidas no exercicio 2020 e aquelas variacións que non se produciron no exercicio pasado pero que, polos motivos que foran, non tiveron acceso ao Inventario:

ALTAS

1ª) Descrición: Finca denominada "CAMPO DE GODA", a inculto, sita no lugar de Goda, parroquia de Artes, municipio de Ribeira, de 259 metros cadrados, que linda: Norte, estrada; Sur, Francisca Sampedro Pena, hoxe Carmen Muñiz Sampedro; Este, estrada e Alfredo Otero Cano; e Oeste, camiño.

Referencia catastral: 15074A003004910000KH.

Inscripción no Rexistro da Propiedade: Presentada para a súa inscrición no Rexistro da Propiedade de Noia na data 21/12/2020.

Título: Adquirida por compra a Dª Ramona Reiriz González, en escritura pública autorizada polo Notario de Ribeira, Dª Mª Covadonga Vázquez López, na data 10/11/2020, co número 988 de protocolo, e segundo acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local na data 19/12/2019, modificado por acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local na data 12/03/2020.

2ª) Descrición: Urbana: Casa de planta baixa e un piso, sinalada co número 91 da Rúa de Galicia, municipio de Ribeira, que ocupa a superficie de 78, 40 metros cadrados, que ten unido polas súas costas, Oeste, un terreo a horta ao nomeamento de "Riveira", formando o conxunto unha soa finca da superficie total de 428, 76 metros cadrados, si ben hoxe, segundo resulta da certificación catastral descritiva e gráfica que se mencionada na escritura de compravenda, resulta ter 431 metros cadrados, que linda: fronte, Este, a rúa da súa situación; dereita entrando, Norte, Comunidade Propietarios Rúa Galicia 99 e Praza de España, 1 N2-6; esquerda, Sur, calexa de Dª Ramona Fernández Vilas e Dª Manuela Pérez Pensado e de Dª Teresa Manuela Pérez Rivas; e de costas, Oeste, Comunidade de Propietarios Praza de España, 1, N2-6.

Referencia catastral: 0718017NH0101N0001IF.





Inscripción no Rexistro da Propiedade: Presentada para a súa inscrición no Rexistro da Propiedade de Noia na data 21/12/2020.

Título: Adquirida por compra a D. Nicolás e D. Salvador Vidal Pérez, en escritura pública autorizada polo Notario de Ribeira, D^a M^a Covadonga Vázquez López, na data 10/11/2020, co número 987 de protocolo, e segundo acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local na data 22/10/2020 (Expediente 2020PATR000002).

3^a) Descrición: Rústica e urbana: Parcela sita no lugar de Lixó, parroquia de Oleiros, de 43,10 metros cadrados; que linda: Norte, camiño a Carballosa; Sur, mais de Antonio Lijó Otero e M^a Mercedes Solla Fontán; Este, de Leandro Conde Furelos e Laura Queiruga Torres; e Oeste, resto de finca matriz.

Referencia catastral: Resulta da segregación da parcela coas referencias catastrais 15074A029004260000KS e 15074A029004260001LD.

Inscripción no Rexistro da Propiedade: Pendente da súa inscrición.

Título: Adquirida por cesión gratuíta de D. Antonio Lijó Otero e D^a M^a Mercedes Solla Fontán, en escritura pública de segregación e cesión gratuíta autorizada polo Notario de Ribeira, D^a M^a Covadonga Vázquez López, na data 01/02/2019, co número 96 de protocolo, e segundo os acordos adoptados pola Xunta de Goberno Local nas datas 06/09/2018 e 13/12/2018. A cesión dos terreos realízase para a instalación da rede de sumidoiros para os veciños do lugar de Lixó, parroquia de Oleiros, do municipio de Ribeira.

4^a) Descrición: Rústica e urbana: Parcela sita no lugar de Lixó, parroquia de Oleiros, de 66,50 metros cadrados; que linda: Norte, máis de Antonio Lijó Otero e M^a Mercedes Solla Fontán; Sur, resto da finca matriz; Este, de Pablo Fernández Queiruga e Lucía Parada Abeijón e de Leandro Conde Furelos e Laura Queiruga Torres; e Oeste, resto da finca matriz.

Referencia catastral: Resulta da segregación da parcela coa referencia catastral 15074A029000030001LT.

Inscripción no Rexistro da Propiedade: Pendente da súa inscrición.

Título: Adquirida por cesión gratuíta de D. Antonio Lijó Otero e D^a M^a Mercedes Solla Fontán, en escritura pública de segregación e cesión gratuíta autorizada polo Notario de Ribeira, D^a M^a Covadonga Vázquez López, na data 01/02/2019, co número 96 de protocolo, e segundo os acordos adoptados pola Xunta de Goberno Local nas datas 06/09/2018 e 13/12/2018. A cesión dos terreos realízase para a instalación da rede de sumidoiros para os veciños do lugar de Lixó, parroquia de Oleiros, do municipio de Ribeira.

5^a) Descrición: Urbana: Parcela sita no lugar de Lixó, parroquia de Oleiros, de 46,25 metros cadrados; que linda: Norte, camiño a Carballosa e de Antonio Lijó Otero e M^a Mercedes Solla Fontán; Sur, de Pablo Fernández Queiruga e Lucía Parada Abeijón; Este, resto de finca matriz; e Oeste, de Antonio Lijó Otero e M^a Mercedes Solla Fontán.

Referencia catastral: Resulta da segregación da parcela coa referencia catastral 15074A029004250001LR.

Inscripción no Rexistro da Propiedade: Pendente da súa inscrición.

Título: Adquirida por cesión gratuíta de D. Leandro Conde Furelos e D^a Laura Queiruga Torres, en escritura pública de segregación e cesión gratuíta autorizada polo Notario de Ribeira, D^a M^a





CONCELLO
DE
RIBEIRA
(A CORUÑA)

Declarado Municipio Turístico Galego

Covadonga Vázquez López, na data 01/02/2019, co número 97 de protocolo, e segundo os acordos adoptados pola Xunta de Goberno Local nas datas 06/09/2018 e 13/12/2018. A cesión dos terreos realízase para a instalación da rede de sumidoiros para os veciños do lugar de Lixó, parroquia de Oleiros, do municipio de Ribeira.

6ª) Descrición: Urbana: Parcela sita no lugar de Lixó, parroquia de Oleiros, de 49 metros cadrados; que linda: Norte, de Leandro Conde Furelos e Laura Queiruga Torres; Sur, mais de "Keliám Barbanza, S.L.", camiño e de José Areas Lois; Este, resto de finca matriz; e Oeste, de Antonio Lijó Otero e Mª Mercedes Solla Fontán.

Referencia catastral: Resulta da segregación da parcela coa referencia catastral 15074A029004240001LK.

Inscrición no Rexistro da Propiedade: Pendente da súa inscrición.

Título: Adquirida por cesión gratuíta de D. Pablo Fernández Queiruga e Dª Lucía Parada Abejón, en escritura pública de segregación e cesión gratuíta autorizada polo Notario de Ribeira, Dª Mª Covadonga Vázquez López, na data 01/02/2019, co número 98 de protocolo, e segundo os acordos adoptados pola Xunta de Goberno Local nas datas 06/09/2018 e 13/12/2018. A cesión dos terreos realízase para a instalación da rede de sumidoiros para os veciños do lugar de Lixó, parroquia de Oleiros, do municipio de Ribeira.

7ª) Parcelas referidas a continuación, adquiridas polo Concello como consecuencia do outorgamento de licenzas urbanísticas (cesións obrigatorias e gratuítas de bens para dominio e uso público):

Orde	Superficie	Situación	Referencia catastral	Cedente	Nº Licenza
94	28,50 m2	Sego nº 12, Artes	15074A840003370000ZJ	Miguel A. Barreiro Reiriz e Lorena Pensado Parada	19/19
95	39,00 m2	"Abruñeira"-Figueirido (Palmeira)	15074A838000830000ZM	Ana Outeiral Martínez e Marcos Manuel Maneiro Romero	51/19
96	38,00 m2	Covasa - Transporte (Aguíño)	15074A026010860000KS	Construccionen Jenaro Cadaval, S.L.	52/19
97	23,30 m2	"A Fonte" - Teira (Corrubedo)	15074A050004840000KM	Ana Mª Solla Fontán e Manuel Francisco Pampín Núñez	53/19
98	209,00 m2	"Asiento" Gándara, nº 4 (Artes)	15074A840000120000ZK	Manuel Steira Sobrido	1/20 Segregación
99	83,25 m2	Gándara, s/n (Oleiros)	15074A042008440000KA	Mª del Pilar Novas Sotullo	1/20
100	320,00 m2	"Arretén" - Frións (Carreira)	15074A011001090000KZ	Andrés Paz Dios	Expte 377/19 (Obra menor)
101	219,00 m2	"Campo de Faxinde"-Areiros	15074A821002560000ZR	Mª Josefa Ayaso García	3/20





CONCELLO
DE
RIBEIRA
(A CORUÑA)

Declarado Municipio Turístico Galego

		(Castiñeiras)	15074A821002570000ZD		Segregación
102	171,00 m2	"Gándaras", Sañas (Palmeira)	15074A007010660001LF 15074A007003640000KW 15074A007010660000KD	Perfecta M ^a Sampedro González e José Francisco Torrado Brión	22/20
103	24,93 m2	"Castro de Afuera" - Lugar de Castro (Castiñeiras)	15074A921000810000UW	M ^a José Ayaso Vilar	10/20
105	21,80 m2	Travesía Falcato, 2 (Corrubedo).	4439507MH9143N0001QZ	Emma García Somoza	26/20
108	50,00 m2	Agrelo-Bretal (Oliveira)	15074A042000170000KQ 15074A042000180000KP 15074A042000280000KR	Josefina Sampedro Orellán e José Silva Ouviaña	7/20 Segregación
109	14,00 m2	Lugar de Atalaia (Corrubedo)	3938602MH9133N0001JJ	María Maneiro Sampedro e José Manuel Díaz Maneiro	8/20 Segregación
110	25,00 m2	"Braña da Fonte"- Teira (Corrubedo)	15074A050004940000KJ 15074A050004940001LK	DALA'S FUTURE, S.L.	29/20
112	62,00 m2	"Agra"- Bretal, s/n (Oliveira)	15074A043000110000KI	Manuela Sobrido Bretal	34/20

8ª) Camiños de uso público:

- "Camiño Arieiro", localización: Polígono 7 Parcela 9021, Referencia catastral: 15074A007090210000KO. Superficie m2: 2.011.
- "Camiño que desemboca na Rúa da Bouciña", na parroquia de Palmeira, que conta con 4 metros de ancho, parte da parcela coa referencia catastral 15074A007008460000KY ata a referida rúa.
- Cesión a dominio e uso público municipal de 32 metros cadrados da parte norte da parcela coa referencia catastral 15074A007008460000KY, sita no lugar de Insuela, parroquia de Palmeira, realizada na data 29/07/1998 para a súa unión ao camiño antes referido de 4 metros de ancho que desemboca na Rúa da Bouciña, parroquia de Palmeira.

9ª) Dereito de arrendamento, por un prazo de 4 anos sen posibilidade de prórroga, da nave emprazada no lugar de Cruxeiras, parroquia e municipio de Ribeira, coa referencia catastral 15074A005002550001LU, propiedade da entidade VIODER, S.L., para o seu destino como depósito municipal de vehículos.

Contrato administrativo asinado na data 30/03/2020, en cumprimento do Decreto da Alcaldía ditado na data 24/03/2020 de conformidade coas competencias outorgadas pola DA 2ª da Lei 9/2017, do 08 de novembro, de Contratos do Sector Público, e en virtude do Decreto de delegacións de competencias do Alcalde na Xunta de Goberno Local asinado na data





17/06/2019, e do Decreto da Alcaldía do 16/03/2020, polo que se procedeu pola Alcaldía á avocación das competencias conferidas á Xunta de Goberno Local durante o período vixente do Estado de alarma declarado polo Real Decreto 463/2020, do 14 de marzo (Expediente 2020 PATR000001).

BAIXAS

1ª) Descrición: Urbana: Monte, pinar, tropezal e inculto denominada “BOUZA VELLA”, “VISTA ALEGRE” ou “MONTE DE SAN ROQUE”, sita no lugar de San Roque, parroquia de Carreira, municipio de Ribeira, dunha superficie de 6.073 metros cadrados, que linda: Norte, Mª Teresa Sobrido Regueira (parcela 28); Sur, Concello de Ribeira, hoxe de titularidade da Comunidade Autónoma de Galicia (parcela 1015), na que se sitúa o IES Leliadoura; Este, de Juan Parada Brión (parcelas 1025 e 1026) e estrada de San Roque (parcela 9004); e Oeste, CP-7301 (parcela 9002).

É o resultado da segregación da parcela referida da finca “BOUZA VELLA”, “VISTA ALEGRE” ou “MONTE DE SAN ROQUE”, sita no lugar de San Roque, parroquia de Carreira, municipio de Ribeira, da superficie de 22.594 metros cadrados; que linda: Norte, regato de Fonte Pedrín e propiedades particulares e resto da finca matriz; Sur, Granxa de San Roque, camiño de en medio e finca segregada de Víctor Reiriz Lampón e esposa; Este, propiedade de varios veciños do campo de Frións, herdeiros de Juan Ayaso e outros, e propiedades de Josefa Codesido García e Esperanza Codesido García, que formaron parte da finca matriz, e finca agregada de Víctor Reiriz Lampón e esposa; e Oeste, coa estrada veciñal de Xarás ao Cruce do Vilar por Frións e finca segregada de Víctor Reiriz Lampón e esposa. Dentro da finca existen outras, cuxa superficie non foi incluída na mesma, propiedade de D. José Llovo Pérez, D. Manuel Poch Sampedro, D. Juan Manuel Martínez Puente, D. Antonio Villaverde Pereiro, D. Ricardo Pérez Queiruga, D. Enrique Pérez Sobrido e outros, que foron da finca matriz e teñen acceso por servidume de pés. Pertence ao Concello de Ribeira por escritura de compravenda outorgada o día 20/11/1992, ante o Notario D. José Manuel Lois Puente, baixo o número 2.142 de protocolo. E está inscrita no Rexistro da Propiedade de Noia ao folio 95, do tomo 974 do arquivo, libro 247 de Ribeira, finca número 21.048.

Referencia catastral: 15074A009001990000KT.

Inscripción no Rexistro da Propiedade: Inscrita no Rexistro da Propiedade de Noia, ao Tomo 1.545, Libro 465, Folio 1, Finca 37.805.

Motivo da baixa no Inventario: Foi cedida de forma gratuíta á Asociación AMBAR das Persoas con Diversidade Funcional, en escritura de segregación e cesión gratuíta o día 27/01/2020 ante o Notario de Ribeira Mª Covadonga Vázquez López, baixo o número 62 de protocolo, e en cumprimento do acordo adoptado polo Pleno da Corporación na sesión celebrada na data 26/11/2019. A cesión gratuíta queda sometida ás seguintes condicións: “a) O fin para o que se concede esta cesión é para a construción e funcionamento dun Centro Ocupacional e de Formación para persoas con discapacidade; b) O referido fin deberá manterse ó menos 35 anos, e non poderá variarse agás que o Concello de Ribeira o autorizase; c) Si se incumprisen estas condicións, considerarase automaticamente resolta esta cesión, e reverterá todo o inmovible ao patrimonio municipal coas súas pertenzas e accesorios. A resolución da cesión requirirá unicamente acordo municipal, previa audiencia da entidade cesionaria.”

De conformidade co disposto no artigo 28 do Regulamento de Bens das Entidades Locais, cómpre reseñar os bens inmovibles, propiedade do Concello, cedidos por un prazo determinado ou suxeitos a concesión ou condición, de modo que sirva de recordatorio constante para que a Corporación exercite oportunamente as facultades que lle corresponden en relación cos mesmos. A estes efectos, consta o seguinte patrimonio cedido:

1ª) Cesión ao CEIP PLURLINGÜE DE FRIÓNs do uso da vivenda do conserxe con todas as súas dependencias, para a ampliación do espazo do propio Colexio, resolta por Decreto da Alcaldía de data 20/08/2020 a instancia do CEIP PLURLINGÜE DE FRIÓNs (Expediente 2020PATR000003).





2º) Cesión de uso do inmovible sito na planta baixa do bloque 2.B.1 da Urbanización Fontán, na Avenida dos Airós, nº 18, no Concello de Ribeira, coa referencia catastral 11109B6NH0101S0003YQ, de 123 m2 de superficie, á Administración Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia con destino a Punto de Encontro Familiar nos termos establecidos no acordo do Pleno da Corporación de data 24/10/2019.

Cesión aceptada pola Orde da Consellería de Facenda ditada na data 20/05/2020. Acta de cesión asinada na data 01/09/2020 pola secretaria xeral técnica e do Patrimonio da Consellería de Facenda e o Sr. Alcalde de Ribeira.

CONSIDERANDO que con respecto aos escritos presentados por D^a Manuela Sobrido Bretal e D. José Manuel Vilas Álvarez, deben tramitarse como unha solicitude de rectificación do Inventario, que será resolta polo Pleno con ocasión da rectificación anual.

Se ao Concello lle consta a existencia de indicios de que un camiño ten natureza pública, sen necesidade dunha proba acabada ou fehaciente de dita titularidade, debe desestimar aquelas solicitudes que pretendan a súa exclusión, confirmando a súa inclusión no Inventario, por canto a inclusión dun camiño no citado Inventario non ten carácter “constitutivo”, é dicir, nin supón adquisición dominical algunha, nin o feito de que non estean incluídos algúns bens no mesmo supón que non poidan ostentar sobre estes a Administración algún dereito.

Se calquera interesado non está de acordo coa catalogación como ben público dun camiño na aprobación anual da rectificación, pode ser combatida ante os Tribunais da orde civil, que é a quen compete pronunciarse sobre a definitiva propiedade de tales bens.

3.1. D^a Manuela Sobrido Bretal expón no seu escrito que é propietaria da parcela coa referencia catastral 15074A043000110000KI, sita no lugar de Bretal, que linda polo seu vento Leste con dúas propiedades de titularidade privada coas seguintes referencias catastrais: 15074A043000100000KX e 15074A043000120000KJ, e que entre estas parcelas discorre un camiño privado de servidume que figura indebidamente engadido en catastro coa referencia catastral 15074A043090290000KR e cualificada como “Vía de comunicación de dominio público”, polo que solicita: “... se incoe o expediente para aprobar a rectificación do inventario dos bens e dereitos do Concello de Ribeira, e se rectifique o erro do que adoce ao constar incluído no mesmo como un ben de titularidade pública a parcela con referencia catastral 15074A043090290000KR (Polígono 43, Parcela 9029) denominada “CAMIÑO AGRA DE PENSO” e cualificada como “Vía de comunicación de dominio público” xa que a devandita parcela catastral non é de titularidade pública nin está destinada a vía de comunicación de dominio público. Unha vez feita esta rectificación no catálogo de camiños, procede instar as oportunas rectificacións no Catastro a fin de evitar futuros erros.”

Basea a súa solicitude nos seguintes fundamentos:

- Que no referido camiño figura terreo ocupado por unha masa arbórea que medrou sobre o antigo muro que separaba as propiedades lindantes. O muro sobre o que medraron as árbores está situado no terreo polo que supostamente transcorre parte da parcela catastral destinada a vía pública e ten unha antigüidade de máis dun século, de feito o citado muro xa aparecía nas imaxes de voo americano de 1956.
- Os lindeiros da parcela 15074A043000110000KI no ano 1958 eran os seguintes:
 - 24 Herdeiros de Alejo Ajeitos Vidal,
 - 14-11 José González Mariño,
 - 14-21 Encarnación González Mariño,
 - 13 Carmela Díaz de Rábago,
 - 12 a Carmela Díaz de Rábago,
 - Camiño,





- Na fotografía aérea do catastro antigo aparecen varios camiños en vermello, outros en amarelo, outros en azul e outros sen colorear. Este é o caso do camiño que figuraba no catastro antigo entre a parcela 10 e 11 do polígono 43, que aparece sen sombrear en ningunha cor. Tras consulta feita ó Arquivo do Reino de Galicia sobre se a diferenza nas cores obedecía á clasificación dos camiños, manifestaron que os camiños que aparecen nas fotografías en cor vermella eran camiños públicos; os outros eran privados ou de servidume, e as liñas en cor azul cursos de auga (ríos, regatos, arrosios, ...).
- O seu trazado foi modificado por vontade dos titulares das fincas colindantes ó mesmo e foi pechado na parte na que o conectaba coa vía pública á estrada AC-303 (Oleiros-Corrubedo).
- O camiño non está grafado na cartografía municipal. No Plano 8.38 Nuc40Bretal do PXOM de Ribeira non consta a existencia de ningún camiño de público entre as parcelas catastrais 10, 11 1 2 do Polígono 43, polo que o Concello non pode incluír no Inventario de bens camiños que non figuran no plan como vía pública.
- O camiño non reúne os requisitos de camiño público: non ten carácter de vía permanente, non ten acceso rodado, non conta con servizos públicos, non se levaron a cabo obras polo concello, non está asfaltado nin delimitado con respecto ás propiedades privadas lindantes, parte do mesmo está ocupado por un muro e árbores e ten un peche que impide o paso nunha parte do mesmo.

A todo o exposto pola Sra. Sobrido Bretal no seu escrito, cómpre facer as seguintes consideracións que, ao meu entender, levan a rexeitar a súa solicitude:

- a) O Inventario de Bens, tal e como ven recoñecendo a xurisprudencia, é un mero rexistro administrativo, que por si só non proba, nin crea, nin constitúe dereito algún a favor da Corporación, sendo mais ben un libro que serve, respecto dos seus bens, de recordatorio constante para que a Corporación exercite oportunamente as facultades que lle corresponden (Sentenza do TS do 09/06/1978); é dicir, un medio cualificado de determinación dos bens e dereitos dos que é titular a entidade de que se trate, configurado como rexistro interno. De aquí dedúcese que a inclusión no Inventario non representa a última palabra en canto á propiedade do ben incluído. Así mesmo, sinala a xurisprudencia que para considerar correcta a inclusión dun ben no Inventario é suficiente coa existencia de indicios de que os bens teñen natureza pública sen necesidade dunha proba acabada, tendo en conta que a dita inclusión non ten carácter constitutivo, sendo a xurisdición civil a única competente para pronunciarse sobre cuestións de propiedade. **A pesares disto, o feito de que o camiño público figure inscrito no Inventario de Bens a favor do Concello, aínda que non probe por si só a propiedade municipal do ben, é un elemento relevante ao seu favor.** Así, para a inscrición no Rexistro da Propiedade, que constitúe unha obriga municipal, tal e como indica o artigo 36.2 RB será suficiente certificación que, con relación ao Inventario aprobado pola Corporación, expida o Secretario, co visto e praxe do Alcalde.
- b) Outro elemento relevante ó seu favor é que figure no Catastro como camiño público. A lexislación catastral determina que a descrición catastral dos bens inmobles comprenderá ás súas características físicas, económicas e xurídicas, entre as que se atoparán a localización e a referencia catastral, a superficie, o uso ou destino, a clase de cultivo ou aproveitamento, a calidade das construcións, a representación gráfica, o valor catastral e o titular catastral, co seu número de identificación fiscal ou, no seu caso, número de identidade de estranxeiro. En todo caso, salvo proba en contrario e sen prexuízo do Rexistro da Propiedade, cuxos pronunciamentos xurídicos prevalecerán, **os datos contidos no Catastro Inmobiliario presúmense certos** (artigo 3.1 e 3 do Real Decreto Lexislativo 1/2004, do 05 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Catastro Inmobiliario). Isto supón, en principio, o recoñecemento dunha presunción de acerto das actuacións do Catastro que traslada a quen pretende a súa modificación a carga de probar que as mesmas son erróneas, todo elo ós puros efectos catastrais-fiscais, claro está, xa que a titularidade catastral





é insuficiente para demostrar, por si soa, o xusto título dominical, sen prexuízo do carácter indiciario que pode revestir ós efectos de acreditar a quen corresponde unha determinada propiedade, constituíndo así unha proba mais que, conxuntamente con outras, pode levar á declaración de que a propiedade do ben pertence a un determinado titular, como neste caso ao Concello.

- c) A todo isto é importante engadir que **na escritura pública da finca 15074A043000110000KI** propiedade da Sra. Sobrido Bretal que ela mesma facilitou ao Concello como consecuencia da tramitación da licenza de obras número 34/20 para a construción dunha vivenda unifamiliar na parcela de referencia, **describese a finca cos seguintes lindeiros: Norte, Josefa Pérez Quintáns; Sur, camiño; Este, camiño; e Oeste, camiño.**
- d) Constan nos arquivos deste Concello **licenza outorgada a Manuel Sobrido Lijó de Bretal, Olveira, para a construción dun muro de peche da súa finca, outorgada pola Comisión Permanente en sesión de data 28/11/1975 baixo as seguintes condicións: “Distará a 4 m. da muralla de enfrente, deixando unha rúa paralela á mesma.”** Así se recolle tamén no informe emitido na data 09/11/2020 pola enxeñeira municipal en relación á valoración de fianza pola obra consistente na construción de vivenda unifamiliar promovida pola Sra. Sobrido Bretal: “Se solicita constitución de fianza para responder por los servicios urbanísticos a completar por la construcción de una vivienda unifamiliar. Se trata de una parcela en suelo de Núcleo Rural tipo B, en el que existen los servicios urbanísticos exigibles: energía eléctrica, alumbrado público y red de agua potable. La parcela tiene frente a un vial con alineaciones mínimas a 6,00 m del eje. La parcela está cerrada con muro alineado aproximadamente a 5,00 m. del eje del camino, por lo tanto, procede cesión a dominio y uso público del resto hasta los 6,00 m del eje. Por el este, la parcela se encuentra cerrada a 4,00 m del muro de la finca de enfrente, tal como se recoge en la Licencia de obras de la Comisión Permanente de 28/11/75, entendiéndose que se tomó como camino de piés.”
No plano de cesión a dominio e uso público derivado da licenza nº 34/20 aparece o marcado o camiño en cuestión como “Camino de pies público.”

3.2. En relación á solicitude realizada por D. José Manuel Vilas Álvarez, cómpre proceder á inclusión no epígrafe correspondente do Inventario os bens que se relacionan a continuación pola súa aparencia de bens de natureza pública:

Orde	Denominación	Situación	Motivo da súa inclusión no Inventario
1º (172)	Fonte do Barreiro	Barreiro-Artes Polígono 1	Fonte veciñal antiga, existente actualmente. Camiño público 9004 (parcela 399).
2º (173)	Camiño de Fafián a Frións 9018	Bouzas-Carreira Polígono 8	Camiño veciñal pavimentado en formigón (parte) que une a rúa 1 Cubeliño, e a Rúa Fdez Bermúdez.
3º (174)	Camiño de Sancortes a Canabeiro-Xenxides	Xenxides-Oleiros Polígono 41	Camiño veciñal pavimentado en parte, situado entre os lugares mentados. Camiños 9015-9013.
4º (175)	Camiño público Campos da Cobasa	Campos da Cobasa-Aguño Parcelas 1013-463-465	Camiño de natureza pública encasillado entre muros de cachotería en seco de pedra, entre a rúa do Porto Fenicio e o novo paseo litoral da Cobasa.
5º (176)	Fonte de auga no Parque	O Vilar-Carreira	Fonte veciñal adecentada polo concello nos anos 80, no acceso e arredores da





CONCELLO
DE
RIBEIRA
(A CORUÑA)

Declarado Municipio Turístico Galego

	Natural	Polígono 13	praia do Vilar (P-1296).
6º (177)	Camiño Público 9001 Polígono 17 (continuar)	Fafián-Ribeira (Os Túneles)	Tramo de 110 metros ata o Camiño das Sarreiras. (Antiga estrada a Carreira). Parcela 129.
7º (178)	Travesía peonil Queiro	O Queiro. Ribeira	Camiño de pés entre a rúa do Cruceiro e a rúa da Carroucha. 25 metros lineais. Parcela A3.

CONSIDERANDO que, polo contrario, e polos motivos que se especifican, non se considera oportuno a inclusión dos bens que se refiren a continuación enumerados no escrito presentado polo Sr. Vilas Álvarez na data 03/12/2020 co número 16.515:

Orde	Denominación	Situación	Motivo da súa non inclusión no Inventario
8º (179)	Fonte da Mámoa-Cubelo Parcela 135-Polígono 9	Mámoa-Carreira	Non existen indicios de que teña natureza pública ao estar situada en terreo de propiedade privada pertencente a D ^a Manuela Regueira Pena.
9º (180)	Travesía peonil Cruceiro	Rúa do Cruceiro	Trátase dunha servidume segundo comprobacións realizadas pola oficina técnica

VISTOS os informes obrantes no expediente, nomeadamente o emitido con data 10 de febreiro de 2021, conformado pola Secretaría Xeral do Concello, pola técnico de administración xeral adscrito a este Departamento, Dna. María Siera Ríos.

Por medio da presente propónse á Comisión Informativa de Patrimonio que, previa deliberación i exame sobre o expediente da súa razón, emita ditame favorable sobre a seguinte:

PROPOSTA DE ACORDO

PRIMEIRO.- Aprobar a rectificación do Inventario de Bens e Dereitos desde Concello referida a 31 de decembro de 2020, tal e como se reflicte na Consideración Xurídica Segunda do informe-proposta que serve de base ao presente acordo.

SEGUNDO.- Que unha copia da rectificación do Inventario, autorizada polo Secretario co visto e prace do Alcalde, se remita á Administración do Estado e órgano da Comunidade Autónoma que teña transferida a competencia nesta materia, conforme preceptúa o artigo 31 do Regulamento de Bens das Corporacións Locais.

TERCEIRO.- Desestimar a solicitude presentada por D^a Manuela Sobrido Bretal, polos motivos expostos no expediente.

CUARTO.- Estimar parcialmente a solicitude presentada por D. José Manuel Vilas Álvarez, Concelleiro-Voceiro do grupo municipal do PSdeG-PSOE Ribeira, polos motivos expostos no expediente.

QUINTO.- Facultar ao Sr. Alcalde-Presidente deste Concello para subscribir cantos documentos precise a formalización do acordo.

SEXTO.- Publicar o acordo adoptado e notificar o mesmo ós/ás interesados/as, indicándolles que si non están de acordo coa catalogación como bens públicos dos



FIRMANTE - FECHA	DOCUMENTO: 20210650777
JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 18/03/2021 MANUEL RUIZ RIVAS-ALCALDE PRESIDENTE - 18/03/2021 serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 18/03/2021 13:23:46	Fecha: 18/03/2021 Hora: 13:19





inmobles referidos neste acordo, esta pode ser combatida ante os Tribunais de orde civil, que é a quen compete pronunciarse sobre a definitiva propiedade de tales bens.

